

ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2023/10	O Pleno

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria urxente Motivo: «Celebración de sesión organizativa ao abeiro do artigo 38 do ROF.»
<b>Data</b>	13 de xullo de 2023
<b>Duración</b>	Desde as 20:01 ata as 22:50 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos
<b>Presidida por</b>	María Dolores Castiñeira Alén
<b>Secretaria</b>	Berta Alonso Soto

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
José Luis Fernández Pérez	SÍ
Manuel González Rodríguez	SÍ
Marcos Troncoso Estévez	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Salustiano Guerra García	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Selene González Luis	SÍ
Vanessa Rocha Núñez	SÍ



Verónica Tourón Domínguez	SÍ
Ángela Ledo Souto	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

**Sr. Alcaldesa:** Os portavoces do PP, PSOE e BNG foron informados da convocatoria deste pleno con anterioridade, tiña que ser o luns por diversos motivos non puido ser e trasladouse ao xoves, creo que a urxencia está máis que motivada é o pleno de organización necesario para a posta e marcha do día a día co Concello.

**Sometida a votación a urxencia da sesión** de conformidade co sinalado no art. 79 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, o Pleno por **4 votos a favor (MS) 8 abstencións (6 PP e 2 PSdeG-SOE) e 1 voto en contra (BNG)** acorda aprobar a urxencia da sesión.

#### A) PARTE RESOLUTIVA

##### Acordo sobre periodicidade das sesións do Pleno municipal.

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

**Sra. Alcaldesa:** A proposta desta Alcaldía e tendo en conta a nosa poboación que está na franxa de poboación de entre 5.001 habitantes e 20.000 habitantes, propoño que se adopte o seguinte acordo:

*“Visto o artigo 46.2.a) par 1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), segundo o cal “El Pleno celebra sesión ordinaria como mínimo cada dos meses en los Ayuntamientos de los municipios de una población entre 5.001 habitantes y 20.000 habitantes; (...).”*

*Visto o disposto no artigo 33.1 do Regulamento Orgánico Municipal.*

*O Pleno do Concello de Salceda de Caselas que, en uso da atribución propia (art. 22.2 q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en relación co 38.a) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), adopta os seguintes*

#### **ACORDOS:**



**Primeiro:** *Fixar a celebración das sesións ordinarias do Pleno do Concello de Salceda de Caselas para o mandato 2023-2027 cada dous meses, no derradeiro xoves dos meses pares, agás en decembro, mes no que se celebrará a sesión o último xoves anterior ao 24 de decembro.*

**Segundo:** *As devanditas sesións ordinarias do Pleno celebraranse ás 20:30 horas.*

**Terceiro:** *A sesión trasladarase ao inmediato día hábil anterior en caso de coincidir en festivo.*

**Cuarto:** *Fixar como horario das sesión extraordinarias ás 20:30 horas.”*

**Sr. Rodríguez Davila:** Acabamos de ver a primeira votación desta Corporación deste mandato e un membro desta Corporación que a fixo Alcaldesa lle vota en contra, polo tanto, si este grupo maioritario da Corporación fose irresponsable e non fose coherente agora mesmo o pleno estaría suspendido, isto é o que pode suceder en cuestións importantes si algúns se toman a broma o que é a xestión municipal e nós poderíamos tirarnos ao monte, pero unha vez máis demostramos que sabemos estar e a pesar de ganar as eleccións contundentemente somos coherentes e nos abstivemos. Esa é a diferenza e unha vez máis orgulloso de formar parte este Grupo, deste partido.

Dito isto, Sra. Alcaldesa, dicirle que o noso Grupo presentou no día de hoxe unha emenda a esta proposta que vostede trae a pleno para que se incorpore no acordo plenario que di “os plenos extraordinarios sexan tamén en horario de tarde é dicir ás 20:30 cando se convoquen eses plenos extraordinarios, salvo aqueles que poidamos acordar por motivos xustificadas como por exemplo cando sexan os sorteos das mesas electorais, etc...” Polo tanto solicitamos que se acepte esta emenda que este grupo presenta e si é así ese Grupo votará a favor deste acordo plenario.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Plantexamos a mesma proposta que se viña realizando nos últimos catro anos, o día tradicional das sesións plenarias é o xoves, o venres soe coincidir con eventos, cara a fin de semana e por experiencias pasadas a afluencia de público era menor polo tanto seguimos apostando polos xoves as 20:30. Respecto dos extraordinarios xa o dixemos hai catro anos, os extraordinarios si pode ser pola tarde será pola tarde pero apostamos pola mañá ou outro horario para facilitar en primeiro lugar a conciliación de todos os concelleiros e concelleiras, en segundo lugar tamén a conciliación dos empregados municipais que teñen que asistir aquí, penso agora mesmo que a difusión do pleno e que a veciñanza poida ver o pleno, poida ver o que aquí se debate está máis que xustificada xa que a diferenza de fai catro anos, agora todas as sesión plenarias son emitidas en directo e quedan almacenadas na canle youtube do Concello polo tanto calquera veciño ou veciña pode ver en calquera momento ou en calquera lugar o que aquí se debate, está é a proposta de Alcaldía e que dende Movemento Salceda defendemos.



**Sra. Tourón Domínguez:** En canto a votación de urxencia que se acaba de producir, o Partido Socialista nos abstivemos para que este pleno, xa que estaba convocado, se celebrase pero si que teño que facer unha anotación e é que este pleno estaba sendo convocado onte as seis menos cuarto da tarde cando a portavocía do Partido Socialista, é dicir eu mesma, tiña unha reunión con Alcaldía as seis da tarde, é dicir foi convocado antes de que se mantivera esa xuntanza. En canto ao punto que nos atañe neste momento, que é o acordo sobre a periodicidade das sesións plenarias, estamos de acordo en que se celebren os xoves e efectivamente, como dicía o portavoz de Movemento Salceda, aos venres é un día no que hai moitos eventos, co cal estamos de acordo, estamos de acordo en que as sesións ordinarias se fagan de tarde a esa hora que é como viñamos facendo na legislatura anterior, si ben si a Corporación acordamos facer as extraordinarias tamén de tarde o Partido Socialista non vai poñer oposición.

**Sr. Guerra García:** O BNG temos dúas emendas á proposta de Alcaldía, unha que é incorporar un parágrafo en canto aos plenos extraordinarios e é que as sesións extraordinarias se convoquen no mesmo horario que as ordinarias e un segundo punto queremos incorporar un punto quinto na proposta co seguinte texto: *“Que ao abeiro dos artigos 78.3 e 28.2 do ROF rematada a sesión do pleno abrirase un turno de rogos e preguntas polo público asistente para asuntos concretos de interese municipal”*, son as dúas emendas que propomos á proposta de alcaldía.

**Sra. Alcaldesa:** Escoitadas todas as portavocías e ademais, xa tiña coñecemento con anterioridade que do relativo á celebración dos plenos extraordinarios, o BNG na reunión de portavocías así mo trasladou, que tiña a intención de solicitar que fosen pola tarde en horario de 20:30 e eu xa lle manifestei naquel momento e agora o fago extenso ao resto de compañeiros, que dende logo nós non vamos a ter ningún problema, dentro da posibilidade que teñamos, de facelo pola tarde, sendo extraordinarios creo que son dous ou tres anuais os que se están realizando, non teríamos ningunha dificultade en polos pola tarde si non os necesitamos pola mañá, porque moitas veces é cuestión de operatividade, de prazos e incluso de xestión por parte dos funcionarios, non temos ningún problema en recoller que os plenos extraordinarios, dentro do posible, serán convocados pola tarde pero si que hai situacións nas que teñen que ser necesariamente pola mañá e se acordarán, como se fai sempre, coas portavocías de cada grupo. En canto a emenda que plantexa o BNG tamén o falamos na reunión de portavocías, hai un regulamento que habería que mudar para esa participación veciñal ao final do pleno, para nada mostrei a miña desconformidade, son persoa de escoitas e de dialogo e me parece ben que si a veciñanza quere falar despois dos plenos, evidentemente cunha pautas, cuns criterios e establecendo que veces se dan esas palabras aos veciños e veciñas eu non teño pola miña banda ningún problema, pero si ben é certo que temos un regulamento que debería recoller esa intervención e tería que ser traído a este pleno para a súa modificación, polo tanto o que solicitas eu creo que debería ser recollido a través do regulamento.



**Sr. Guerra García:** Tal vez si se nos entregase a documentación completa con tempo traeríamos algo máis redactado, indudablemente con menos de 24 horas é difícil traer propostas, nós en todo caso propomos que se recolla aínda que se regule posteriormente a forma e como calquera veciño ou calquera veciña pode intervir diante deste pleno.

**Sra. Alcaldesa:** Creo que temos que traer o regulamento modificado, eu convocareivos para que fagades as aportacións necesarias e nese regulamento incluiremos a participación veciñal nos órganos plenarios, para algo existe un regulamento que está aprobado. Esa apertura de campo me parece estupenda Tano, pero teremos que falala e ver como se introduce no regulamento, dende logo aquí o que se ven a aprobar é a periodicidade dos plenos e non o seu funcionamento para iso hai un regulamento.

**Sr. Rodríguez Davila:** Estamos de acordo, o que si queremos deixar claro é que os plenos extraordinarios sexan sempre pola tarde salvo que por parte da Alcaldía se xustifique o motivo de cambio de horario, non que quede á libre decisión da Alcaldesa convocar os plenos polas mañás, polo tanto, que quede establecido os plenos extraordinarios sempre pola tarde, en horario de tarde, salvo que a Sra. Alcaldesa xustifique o cambio de horario do cal se nos dará conta e daremos a nosa resposta ao respecto.

**Sr. Rodríguez Canosa:** E creo que se debería cambiar o “sempre” por preferentemente ou preferiblemente ou algo así.

**Sra. Rodríguez Tourón:** Si o que queremos é votar unha emenda para establecer as periodicidade das sesións plenarias extraordinarias se debería establecer o día e a hora das sesión plenarias e poñerlle salvo excepcións.

**Sra. Alcaldesa:** Vamos a votar as dúas emendas primeiro a do PP a de incorporar o de “*fixar como horario das sesión extraordinarias as 20:30 horas, sempre que sexa posible*”.

**Sr. Guerra García:** A nós non nos vale “cando se poida” porque iso pode quedar a arbitrariedade de quen convoca, si hai algún por calquera circunstancia se deba celebrar pola maña debe haber unha xuntanza de portavoces onde a Alcaldía expoña que se poida celebrar tal ou cal pleno pola maña e aí o falemos.

**Sr. Rodríguez Davila:** Exactamente iso é o que nós manifestamos na emenda, poñemos a hora porque o día non se pode poñer porque son plenos extraordinaria polo tanto é imposible poñer nin día nin periodicidade pero a hora si, por iso insistía eu anteriormente que o excepcional é o que hai que xustificar non dicir sempre que sexa posible senón os plenos extraordinarios sempre as 20:30h salvo aqueles que non se poidan celebrar polos motivos que sexan e que se xustifiquen aquí os motivos e



nos estaremos de acordo ou non pero teñen que quedar establecidos as 20:30 horas sempre.

**Sra. Alcaldesa:** Está claro, plenos extraordinarios ás 20:30 da tarde establecidos, repito aquí non se vota a periodicidade das sesións, unicamente as dos plenos ordinarios e sempre que sexa xustificable se vos comunicará a urxencia para celebralos pola maña si é necesario.

**Sometese a votación as emenda presentada polo PP de establecer como horario das sesión extraordinarias as 20:30 horas e resulta aprobada por UNANIMIDADE dos trece Concelleiros - Concelleiras presentes a esta sesión.**

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, esta resulta APROBADA por DOCE votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(2) e PP (6) e UNHA ABSTENCIÓN do Concelleiro do Grupo Municipal do BNG, adoptándose o seguinte ACORDO:

**Primeiro:** Fixar a celebración das sesións ordinarias do Pleno do Concello de Salceda de Caselas para o mandato 2023-2027 cada dous meses, no derradeiro xoves dos meses pares, agás en decembro, mes no que se celebrará a sesión o último xoves anterior ao 24 de decembro.

**Segundo:** As devanditas sesións ordinarias do Pleno celebraranse ás 20:30 horas.

**Terceiro:** A sesión trasladarase ao inmediato día hábil anterior en caso de coincidir en festivo.

**Cuarto:** Fixar como horario das sesión extraordinarias ás 20:30 horas.

#### **Acordo sobre constitución de comisións informativas permanentes.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

**Sra. Alcaldesa:** A proposta de alcaldía é a seguinte:

*“Visto o disposto nos artigos 66 a 68 da Lei 571997 de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia (LALGA) así coma nos artigos 123 a 127 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.*

*Visto que o número de Comisións Informativas permanentes, denominación, así como calquera variación das mesmas durante o mandato corporativo, decidírase mediante acordo adoptado polo Pleno a proposta da Alcaldía.*





Visto que no acordo de creación das Comisións Informativas determinarase a composición concreta das mesmas, tendo en conta as seguintes regras:

a) O Alcalde ou Presidente da Corporación, é o Presidente nato de todas elas; con todo, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seo.

b) Cada Comisión estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación.

c) A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do Portavoz do mesmo dirixido ao Alcalde ou Presidente, e do que se dará conta ao Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un suplente por cada titular.

De conformidade co indicado no art.22.2q)) da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local en relación co 38 b) e 123 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía propón ó Pleno o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Constituír as Comisións Informativas de carácter permanente que se relacionan:

Comisión informativa especial de contas e permanente de economía e facenda.

Comisión informativa de asuntos do Pleno.

**Segundo.-** Fixar en sete membros, incluída a Presidencia, o número de concelleiros/as que integren a Comisión citada.

**Terceiro.-** Dado que todos os grupos políticos integrantes das Corporación teñen dereito a participar nos órganos citados mediante a presenza de concelleiros/as pertencentes a este, e dado que a composición destas Comisións debe acomodarse á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos establécese a seguinte representatividade:

Grupo Municipal do Partido Popular: 3 membros

Grupo Municipal de Movemento Salceda: 2 membros

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE: 1 membro

Grupo Municipal Mixto-BNG: 1 membro



*A esos efectos, os/as voceiros/as dos distintos grupos políticos entregarán na Secretaría Xeral do Concello, escrito dirixido á Alcaldía, no que designarán aos/ás representantes do seu grupo en cada Comisión, puidéndose así mesmo designar unha persoa suplente por cada titular.*

**Cuarto.-** *A Alcaldesa é Presidenta nata da Comisión, si ben a presidencia efectiva da Comisión poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seno.*

**Quinto.-** *As Comisións Informativas celebrarán sesión cando sexan convocadas para emisión de dictame sobre asuntos que lles competan, con antelación a su inclusión na orde do día das sesións plenarias na que vaian a ser tratados e, en todo caso, celebrarán sesión ordinaria como mínimo cada dous meses, nos días e horas que se determinen na sesión constitutiva correspondente.*

**Sétimo.-** *As Comisións Informativas axustarán o seu funcionamento ao disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro así coma ao disposto no Regulamento de Organización Municipal."*

**Sr. Rodríguez Davila:** Me remito a miña intervención de fai catro anos onde botabamos de menos a constitución da Comisión permanente do Plan Xeral, é un dos temas prioritarios que temos que poñer a andar e polo tanto o noso grupo respectando a constitución desas comisións permanentes e non contemplando esa constitución desa constitución manifestamos, igual que hai catro anos, a nosa abstención.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Igual que fai catro anos se quedou en que no momento en que sexan precisas as Comisións Informativas específicas doutros temas como por exemplo o PXOM convocaranse e celebraranse, non ten sentido convocalas xa de inicio se non sabemos si vai a tardar un ano en celebrarse ou dous ou tres, curiosamente na anterior lexislatura non se convocou nos catro anos. Respecto da composición, facemos a composición que establece a imaxe do pleno e creemos que é a proposta axeitada.

**Sra. Tourón Domínguez:** Estamos de acordo, é o que estaba establecido na lexislatura anterior, a Comisión de contas e de economía e facenda e a Comisión de asuntos do Pleno, si é verdade que podería haber a Comisión do plan xeral ou incluso recuperar algunha que había de lexislaturas anteriores que era de servizos sociais, sanidade, educación, comercio, emprego e formación, pero creo que se poden convocar no caso de ser necesarias, creo que esas dúas comisións informativas permanentes, tanto esas comisións como a distribución dos membros de cada partido na representación das mesmas está ben establecido e o Partido Socialista está de acordo con elas.





**Sr. Guerra García:** Dende o BNG traemos unha proposta de engadir de crear unha Comisión permanente máis, leo a redacción: *“Dada a problemática existente en diferentes áreas de contido social: o ensino, a sanidade, outros consideramos importante dar pulo a participación veciñal, o BNG considera necesaria a creación dunha Comisión Informativa Permanente de asuntos sociais e de participación veciñal”*, polo resto estamos de acordo.

**Sra. Alcaldesa:** Con respecto á incorporación tanto a que propuña Santi da Comisión do Plan Xeral que creo que estamos de acordo todos e todas que é necesario e agardamos que nesta lexislatura se lle dea o impulso que necesita e tendo en conta a problemática existente en diversas infraestruturas que temos no eido social, no eido educativo e tamén incluso a dotación de persoal no eido sanitario considero que a que propón Tano tamén é importante, pero si ben é certo que se poden incorporar en calquera momento, crearse cando sexan necesarias e constituír estas Comisións informativas de carácter permanente como se leva feito nos últimos anos, nas últimas lexislaturas, creo que son suficientes, e sempre que exista unha necesidade ou se avance, se dean pasos tanto no Plan xeral como noutros eidos pódense crear as comisión. Eu estou a favor que sexan un órgano de debate, de diálogo e de acordo entre as catro forzas políticas.

**VOTACIÓN da EMENDA** presentada polo BNG de creación dunha Comisión Informativa Permanente de asuntos sociais e de participación veciñal; sometida a a votación dita emenda esta resulta **REXEITADA** por UN (1) VOTO A FAVOR do Concelleiro do Grupo Municipal do BNG, 8 ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal (6 PP) (2 PSOE) e 4 VOTOS EN CONTRA dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal MS.

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, esta resulta **APROBADA** por SETE votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(2) e BNG (1) e SEIS ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP adoptándose o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Constituír as Comisións Informativas de carácter permanente que se relacionan:

Comisión informativa especial de contas e permanente de economía e facenda.

Comisión informativa de asuntos do Pleno.

**Segundo.-** Fixar en sete membros, incluída a Presidencia, o número de concelleiros/as que integren a Comisión citada.

**Terceiro.-** Dado que todos os grupos políticos integrantes das Corporación teñen dereito a participar nos órganos citados mediante a presenza de concelleiros/as pertencentes a este, e dado que a composición destas Comisións debe acomodarse á



proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos establécese a seguinte representatividade:

- Grupo Municipal do Partido Popular: 3 membros
- Grupo Municipal de Movemento Salceda: 2 membros
- Grupo Municipal do PSdeG-PSOE: 1 membro
- Grupo Municipal Mixto-BNG: 1 membro

A esos efectos, os/as voceiros/as dos distintos grupos políticos entregarán na Secretaría Xeral do Concello, escrito dirixido á Alcaldía, no que designarán aos/ás representantes do seu grupo en cada Comisión, puidéndose así mesmo designar unha persoa suplente por cada titular.

**Cuarto.-** A Alcaldesa é Presidenta nata da Comisión, si ben a presidencia efectiva da Comisión poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seno.

**Quinto.-** As Comisións Informativas celebrarán sesión cando sexan convocadas para emisión de dictame sobre asuntos que lles competan, con antelación a su inclusión na orde do día das sesións plenarias na que vaian a ser tratados e, en todo caso, celebrarán sesión ordinaria como mínimo cada dous meses, nos días e horas que se determinen na sesión constitutiva correspondente.

**Sétimo.-** As Comisións Informativas axustarán o seu funcionamento ao disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro así coma ao disposto no Regulamento de Organización Municipal.

### Nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 7, En contra: 6, Abstencións: 0, Ausentes: 0

**Sra. Alcaldesa:** A proposta que trae a Alcaldía a pleno é a seguinte:

*“Unha vez constituída a Corporación resultante das eleccións municipais celebradas o 28 de maio de 2023, vista a participación do Concello de Salceda de Caselas en determinados órganos colexiados, de conformidade co sinalado no art.38.c) do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, efectuase a seguinte proposta de designación segundo se detalla*

**Primeiro.-** Designar coma representantes do Concello de Salceda de Caselas en cada



unha das entidades e órganos que se indican ás seguintes persoas:

**1.- Centros de ensino (Centro Rural Agrupado-CRA, centro de Educación Primaria CEP e Instituto de Ensino Secundario-IES):**

Titular: Alcaldesa

Suplente: Concelleira de Ensino

**2.- Mancomunidade da área intermunicipal de Vigo:**

Pleno (Alcaldía máis dous membros):

Alcaldesa.

Representante do grupo municipal do PP

Representante do grupo municipal do PSdG-PSOE

Comisión Especial de Contas:

Titular: Alcaldesa.

Suplente: Concelleiro de Facenda.

**3.- Comité Directivo do Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro**

Titular: Alcaldesa.

Suplente: Concelleiro de axenda ecolóxica

**4.- Catastro**

Titular: Alcaldesa

Suplente: Concelleiro de Facenda

**5.- Asociación de desenvolvemento rural Condado-Paradanta (GDR17)**

Titular: Alcaldesa

Suplente: Concelleiro de Medio Rural

**6.- Consorcio galego de servizos de igualdade e benestar:**

6.1 Representantes na Asemblea Xeral:

Titular: Alcaldesa

Suplente: Concelleira de Benestar Social

6.2.- Órganos de xestión da escola infantil:



Comisión mixta Consorcio Galego-Concello:

Titular: Alcaldesa

Suplente: Concelleira de Benestar Social

Consello Escolar: Alcaldesa e Concelleira de Benestar Social

**7.- Rede de dinamización lingüística:**

Titular: Alcaldía

Suplente: Concelleiro de Normalización Lingüística

**8.- Mesa Local de Comercio:**

Titular: Alcaldesa

Suplente: Concelleira de Comercio

**Segundo.**-Dar traslado do presente acordo aos órganos colexiados relacionados e á Directiva dos Centros Escolares.”

**Sr. Rodríguez Davila:** Este Grupo, non estando inicialmente neste mandato con este goberno non podemos estar de acordo en que o goberno actual teña o respaldo deste grupo en asuntos como este, onde vai estar representado o goberno no cal nós non estamos de acordo que sexa goberno polo tanto o noso voto vai ser en contra.

**Sra. Tourón Domínguez:** Nós non temos nada que dicir ao respecto desa proposta, continúa sendo coma na lexislatura anterior.

**Sr. Guerra García:** Nos gustaría saber si as persoas designadas polo pleno para representar a este Concello na área de Vigo, si están acudindo todas ou non, nos gustaría sabelo na medida en que si non é así nos gustaría que houbera unha designación diferente.

**Sra. Alcaldesa:** A Mancomunidade da área intermunicipal de Vigo, a ese pleno acude a Alcaldesa e dous representantes, un pouco por representitivade entendemos que sexa o PP e o PSOE, si ata o de agora levan asistindo ou non eu fágome responsable das miñas asistencias, eu podo asegurache que participo en todas e en cada unha delas o resto dos compañeiros che poden respostar eles si van ou non, me consta que Verónica foi a máis de unha, a Santi non o vin en ningunha pero non son eu quen ten que responder pola asistencia ou no das persoas que están indo ou non a Mancomunidade .

**Sra. Tourón Domínguez:** No caso do PSOE asistimos a todas as sesións establecidas, polo menos mentres non se disolva esa Mancomunidade e queremos seguir



asistindo.

**Sr. Guerra García:** O BNG fai unha proposta, o vecindario non pode asumir que un representante desta Corporación non asista aos plenos da Mancomunidade, na medida en que é certo da falta de asistencia por parte do Partido Popular nós propomos asumir ese lugar co compromiso de asistencia a reunións da Mancomunidade.

**Sra. Alcaldesa:** Como comprenderas como Alcaldesa me corresponde facer esa proposta por representatividade, si non está asistindo non haberá problema en que asista como representación o BNG, de todos modos é a miña obriga nomear ao Partido Popular por representación nesta Corporación.

**Sr. Rodríguez Davila:** Que asistamos ou non a plenos desa Mancomunidade a cal dende fai moito tempo non ten ningún sentido, non quere dicir que este Grupo maioritario teña unha representatividade, incluso votando en contra da designación do que hoxe se trae aquí a pleno non solo da Mancomunidade senón tamén dos outros órganos que, como dixen antes, nós consideramos que estamos totalmente en contra do Goberno actual, polo tanto temos o dereito democrático de votar o que consideremos neste pleno e nos demais e de asistir ou no, polo tanto, como ben dixo a Sra. Alcaldesa, en representación dos veciños non se esqueza vostede que temos 2.411 votos fronte a 350 que ten o seu grupo, con todos os respectos a eses votantes, temos que ter un representante nesa Mancomunidade, aínda que nós creemos na Área Metropolitana que sería o que realmente sería válido e daría solución a moitos problemas que ten a área que desgraciadamente non están en funcionamento.

**1º VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, resulta un EMPATE por SEIS votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(2), UNHA (1) abstención do Concelleiro do Grupo Municipal BNG e SEIS (6) votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP.

Dado ao empate da votación repítese a votación:

**2º VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, esta resulta APROBADA por SETE votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(2) e BNG (1) e SEIS ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP adoptándose o seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Designar coma representantes do Concello de Salceda de Caselas en cada unha das entidades e órganos que se indican ás seguintes persoas:

**1.- Centros de ensino (Centro Rural Agrupado-CRA, centro de Educación Primaria CEP e Instituto de Ensino Secundario-IES):**

Titular: Alcaldesa



Suplente: Concelleira de Ensino

## **2.- Mancomunidade da área intermunicipal de Vigo:**

### Pleno (Alcaldía máis dous membros):

Alcaldesa.

Representante do grupo municipal do PP

Representante do grupo municipal do PSdG-PSOE

### Comisión Especial de Contas:

Titular: Alcaldesa.

Suplente: Concelleiro de Facenda.

## **3.- Comité Directivo do Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro**

Titular: Alcaldesa.

Suplente: Concelleiro de axenda ecolóxica

## **4.- Catastro**

Titular: Alcaldesa

Suplente: Concelleiro de Facenda

## **5.- Asociación de desenvolvemento rural Condado-Paradanta (GDR17)**

Titular: Alcaldesa

Suplente: Concelleiro de Medio Rural

## **6.- Consorcio galego de servizos de igualdade e benestar:**

### 6.1 Representantes na Asemblea Xeral:

Titular: Alcaldesa

Suplente: Concelleira de Benestar Social

### 6.2.- Órganos de xestión da escola infantil:

#### Comisión mixta Consorcio Galego-Concello:

Titular: Alcaldesa

Suplente: Concelleira de Benestar Social

Consello Escolar: Alcaldesa e Concelleira de Benestar Social





### 7.- Rede de dinamización lingüística:

Titular: Alcaldía

Suplente: Concelleiro de Normalización Lingüística

### 8.- Mesa Local de Comercio:

Titular: Alcaldesa

Suplente: Concelleira de Comercio

**Segundo.**-Dar traslado do presente acordo aos órganos colexiados relacionados e á Directiva dos Centros Escolares.

### Delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local.

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 6, En contra: 7, Abstencións: 0, Ausentes: 0

**Sra. Alcaldesa:** A proposta de Alcaldía de delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local é a seguinte:

*"A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dispón nos seus artigos 21 e 22 a atribución de competencias á Alcaldía e ao Pleno respectivamente, sinalando para cada un destes órganos a posibilidade de delegar parte das súas competencias.*

*Considerando que a Xunta de Goberno Local se configura coma un órgano colexiado no que resulta posible efectuar ditas delegacións, e que polo seu funcionamento, celebrando sesión ordinaria cada quince días, resulta máis eficaz e áxil na defensa dos intereses municipais así coma en determinados asuntos que teñen directa repercusión na veciñanza, propono ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte*

### ACORDO

**Primeiro.**- Delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes competencias:

1.- O exercicio de acción xudiciais, administrativas e defensa da Corporación en materia de competencia plenaria, incluíndo o exercicio da potestade de investigación, de recuperación de oficio e de deslinde.

2.- A declaración de lesividade dos actos do Concello.



3.- *As contratacións e concesións de toda clase cando sexan competencia do Pleno, con exclusión das concesión de bens e servizos por máis de 5 anos e que superen o 20% dos recursos ordinarios do orzamento, por prohibición expresa do artigo 47.2 LBRL.*

4.- *A aprobación dos proxectos de obra e servizos cando sexa competente o Pleno para a súa contratación ou concesión e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.*

5.- *A adquisición de bens e dereitos, así como o alleamento dos mesmos cando sexa competente o Pleno, con exclusión do alleamento de bens que excedan do 20% dos recursos ordinarios do orzamento.*

6.- *A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, salvo as de Tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por 100 dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, todo iso, de conformidade co disposto en a Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais.*

**Segundo.-** *O Pleno en calquera momento poderá asumir as atribucións delegadas nesta Resolución sen perxuício da súa avocación segundo o disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público*

**Terceiro.-** *Facer constar que os asuntos que se haxan de someter á Xunta de Goberno Local como consecuencia desta delegación, terán que ser previamente ditaminados pola Comisión Informativa competente por razón da materia, co obxecto de dar cumprimento ao disposto polo artigo 63.e) do Regulamento Orgánico Municipal.*

**Cuarto.-** *Da presente resolución darase conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que celebre e será publicada no Boletín Oficial da Provincia, sen perxuício da súa efectividade desde o día seguinte ao do presente acordo*

**Quinto.-** *No non previsto neste acordo rexerá o disposto na Lei 7/1985, Lei 5/1997 e RD 2568/1986, no marco das regras que para as delegacións se establece nestas normas."*

**Sr. Rodríguez Davila:** Este grupo non vai a apoiar que o goberno minoritario de catro concelleiros pretenda baleirar a este pleno de competencias en asuntos importantes nos que creo que é importante, valga a redundancia, debater e falar e polo tanto estamos en contra como estivemos nos últimos mandatos e que o pleno perda competencias como acaba de dicir vostede na súa proposta que trae a esta sesión plenaria polo tanto o noso voto vai ser negativo.



**Sr. Rodríguez Canosa:** Neste punto establecemos as competencias do pleno por un lado e as competencias da Xunta de Goberno local por outro, por exemplo, a aprobación de proxectos como sempre falamos, por un simple motivo de operatividade porque moitas veces porque os proxectos hai que aprobalos para poder chegar a prazos para solicitude de subvencións e outros temas, ao final o resto de competencias son as ordinarias do goberno do día a día, non hai nada que sexa extraordinaria é máis, como ben sabedes, a maioría de proxectos de obras, proxectos importantes de investimentos sempre se trouxeron ao pleno excepto aqueles casos que tivemos que aprobalos por Decreto e logo se trouxeron a pleno para ratificar, polo tanto, a nosa proposta segue sendo a mesma simplemente que por operatividade evidentemente preferimos aprobar os proxectos en Xunta de Goberno Local.

**Sra. Tourón Domínguez:** A proposta do PSOE é facer unha modificación deste acordo retirando, igual que se fixo na lexislatura do 2019-2023, o punto catro de aprobación dos proxectos de obra e servizos cando sexa competente o Pleno para a súa contratación ou concesión e cando aínda non estean previstos nos orzamentos, estando de acordo con todo o demais, si que pedimos que se deixe esa competencia no pleno como viñamos facendo la lexislatura anterior.

**Sr. Guerra García:** Dende o BNG entendemos que non se pode quitar ao pleno ningunha das competencias que ten dadas, a composición actual do goberno, un circunstancia que temos que vivir e asumir todos, polo que non estamos de acordo coa proposta de Alcaldía.

**Sra. Alcaldesa:** Realmente non se trata de deixar sen contido o órgano plenario, o que se trata é de darlle maior axilidade á xestión diaria do Concello, é unha cuestión moitas veces de prazo e as compañeiras do PSOE saben que na lexislatura anterior así ocorreu, que querendo traer estes proxectos a pleno non fomos capaces por unha cuestión de prazos, aínda que posteriormente na seguinte sesión se presentaban igualmente ao resto de compañeiros da oposición. Nós dende logo creiamos que axilizaba o traballo, tampouco teño ningún problema en aceptar esa emenda e retirar o punto catro e levar a diante a proposta sen ese punto de *“ aprobación dos proxectos de obra e servizos cando sexa competente o Pleno para a súa contratación ou concesión e cando aínda non estean previstos nos orzamentos”*. Creo sinceramente e coa experiencia de goberno que temos e quen estivo do goberno sabe que non é operativo, si o resto dos compañeiros e compañeiras cree que ten que ser así, retírase ese punto catro e traeranse a sesión plenaria, en todo caso, estou por ver e así o comprobaremos, que moitos deles van ser necesariamente aprobados por decreto e logo traídos a pleno porque así sucedeu durante os últimos catro anos e incluso anteriormente.

**Sra. Tourón Domínguez:** Fíxose na lexislatura anterior, eu creo que non de debe ter como excepcionalidade a norma, si é verdade que se chegou con proxectos que houbo que aprobar por casos de subvencións pero non era a gran maioría e o que si



Ile pido a este equipo de goberno, que non poña a excepcionalidade sempre por diante porque entón vamos a ter catro anos de legislatura a base de excepcionalidades e non de traballo e xestión, que é o que se debe ter. Insisto na retirada dese punto porque así o fixemos tamén na legislatura anterior.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Dende Movemento Salceda estamos de acordo na retirada do punto número catro, como ben dice Vero, traeranse aquí todos pero algún evidentemente por prazos, intentaremos que os menos posible, aprobarase por decreto pero evidentemente traerase a pleno para a súa ratificación

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, esta **RESULTA REXEITADA** por **SEIS** votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(2) e e **SETE VOTOS EN CONTRA** dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP (6) e do BNG (1).

#### **Acordo sobre retribucións de cargos con adicación exclusiva e parcial. Asistencias. Dotacións económicas dos grupos políticos**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 4, En contra: 9, Abstencións: 0, Ausentes: 0

**Sra. Alcaldesa:** Creo que todos e todas coñecemos o contexto de Salceda, teño que facer unhas puntualizacións legislativas. Salceda está comprendida entre o rango de habitantes de 5000 a 10.000 polo tanto o límite establecido por Lei en canto a dedicacións, neste caso, exclusiva é de 52.278,61€ de salario. Salceda ten tamén por Lei tres dedicacións exclusivas e varias parciais, e fago estes apuntamentos porque creo que son necesarios que a veciñanza os coñeza. Creo que todos sodes conscientes de que somos un goberno de catro persoas, catro concelleiros e concelleiras e logo da negativa do BNG e do PSOE de formar parte del, a estas catro concellerías lle toca xestionar moitísimas áreas. Sodes tamén conscientes do dinamismo e da vitalidade que supón exercer o goberno en Salceda, a nosa sociedade é dinámica e necesita que todas e cada unha das áreas estean atendidas, porque son moitos as demandas que veciños e veciñas nos trasladan e é bastante obvio que como Alcaldesa quero desempeñar o traballo que quero facer polos meus veciños e veciñas necesito a todo o equipo de goberno, necesito a esas catro persoas. Nós temos claro que vimos á política por vocación, seguro que moitos e moitas de vós vos dedicades aos vosos empregos ou fixestes as vosas carreiras por vocación, pero tamén temos claro, e vou defender sempre dende unha posición de política de esquerdas que vai defender sempre os salarios dignos, creo que todo político e política ten dereito a ese salario pola nosa dedicación, ninguén vai discutir que é de 24 horas, porque é así porque temos responsabilidade, moita, nos nosos postos e é o que demanda a veciñanza de nós. Si a proposta que vos vou presentar a continuación non sae adiante evidentemente o goberno non terá dedicacións, si ben é certo que o resto dos compañeiros tamén non cobrarán polo traballo realizado en



asistencias a comisións e a órganos colexiados, será un sacrificio compartido que teremos que aceptar polo ben de Salceda, porque o que nos importa é Salceda, pero repito, vimos por vocación pero defenderei sempre os salarios dignos. Teño que dicir que me da moitísima vergoña o espectáculo que estamos vendo nos diferentes Concellos de parte a parte de todas as cores políticas, os salarios dos políticos e políticas tiñan que estar establecidos e regulados por lei, acabaríanse este tipo de espectáculos que se están dando en todos os Concellos, e repito, de todas as cores políticas, e non se xogaríase cos salarios, algo tan serio, para simplemente bloquear a acción de goberno e simplemente utilizala como revancha política. Si na lexislatura pasada defendín arreo e con ahínco a necesidade de seis dedicacións para os compañeiros do PSOE e de Movemento Salceda, imaxinarvos como vou defender agora esas dedicacións para os catro concelleiros de Movemento Salceda.

Dou lectura a proposta de Alcaldía:

*“Visto que de conformidade co disposto nos artigos 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 13.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, os membros das Corporacións Locais teñen dereito a percibir retribucións polo exercicio do seu cargo cando o desempeñen en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, así como a percibir indemnizacións na contía e condicións que estableza o Pleno da Corporación, en concepto de asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.*

*Así mesmo os Grupos Políticos Municipais teñen dereito a dispoñer dunha infraestrutura mínima de medios materiais e persoais para o exercicio do cargo, o que fai aconsellable a asignación dunha contía económica de carácter mensual, que conterà un componente fixo idéntico para todos os grupos e outro variable en función do número de membros.*

*Considerando o disposto pola Disposición adicional trixésima quinta da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 e que resulta aplicable: “De conformidade con lo previsto en el artículo 75 bis de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local, según la redacción dada por la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local, y considerando lo dispuesto en el artículo 20 de la presente Ley, el límite máximo total que pueden percibir los miembros de las Corporaciones Locales por todos los conceptos retributivos y asistencias, excluidos los trienios a los que, en su caso, tengan derecho aquellos funcionarios de carrera que se encuentren en situación de servicios especiales, será el que se recoge a continuación, atendiendo a su población:: (...)”*

*Considerando que para un municipio comprendido entre 5.000 e 10.000 habitantes o límite son 52.272,61 euros anuais (Segundo a Disposición adicional adicional vixésimo*





sétima da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, de conformidade co previsto no artigo 75 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local).

Considerando o disposto polo artigo 75 ter da LRBRL que establece os límites no número de cargos públicos das entidades locais con dedicación exclusiva, fixándose que para os Concellos de municipios con poboación comprendida entre 3.001 e 10.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá de tres.

Considerando a necesidade de incrementar as contías fixadas na lexislatura anterior, tanto para as dedicacións exclusivas ou parciais como das indemnizacións para os membros da corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial e das cantidades asignadas aos grupos políticos, debido ao incremento do IPC acumulado entre maio do 2019 e maio do 2023 dun 15,8% en Pontevedra no caso das dedicacións exclusivas, ao que hai que sumarlle o incremento da carga de traballo da adicación parcial que pasa a xestionar 8 áreas.

No caso das indemnizacións para os membros da corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial e das cantidades asignadas aos grupos políticos é precisa tamén a actualización destes importes polo incremento do IPC, propoñéndose un axuste das cifras para evitar as cifras con decimais "herdadas" do cambio da peseta ao euro no ano 2002.

De conformidade co exposto, propoño ao Pleno do Concello de Salceda de Caselas que, en uso da atribución propia (art. 22.2 q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL en adiante), en relación co art 75 da LRBRL, previa a preceptiva fiscalización da Intervención do Concello, adopte os seguintes

#### **ACORDOS:**

**Primeiro.-** Determinar a dedicación exclusiva en relación aos seguintes cargos de goberno do Concello de Salceda de Caselas, coas retribucións que se indican:

-Alcaldía: Retribucións mensuais brutas de 3214,28€ en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 44.999,92 € máis seguridade social a cargo do Concello).

-Concellería de cultura, festexos, patrimonio, normalización lingüística, novas tecnoloxías, facenda, réxime interior, persoal, seguridade e tráfico: Retribucións mensuais brutas de 2350,00 € en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 32.900,00€ máis seguridade social a cargo do Concello).

-Concellería de axenda ecolóxica, saneamento, medio rural, mobilidade, transporte deportes, mocidade e turismo: Retribucións mensuais brutas de 2350,00 € en 12





*pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 32.900,00€ máis seguridade social a cargo do Concello).*

**Segundo.-** *Determinar a dedicación parcial, cun réxime equivalente a seis horas diarias de xornada de traballo, cuxo cumprimento deberá ser obxecto de control polos medios que determine a Alcaldía, en relación ao seguinte cargo de goberno, coas retribucións que se indican:*

*- Concellería de benestar social, igualdade, ensino, sanidade, comercio e industria, participación cidadá, formación e emprego, voluntariado: Retribucións mensuais brutas de 1800,00€ en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total: 25.200,00€ máis seguridade social a cargo do Concello).*

**Terceiro.-** *Modificar a base 35.1.e) das Bases de Execución do Orzamento da corporación para 2023 (actualmente prorrogado do exercicio 2022), reguladora das indemnizacións para os membros da corporación que teñan dedicación exclusiva ou parcial, nos termos indicados nos apartados primeiro e segundo do forma precisa para dar cumprimento ao mesmo.*

**Cuarto.-** *Establecer en concepto de indemnizacións para os membros da corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial, segundo artigo 75.3 e 4 LRBRL, as cantidades que se indican a continuación:*

- Presidencia de Pleno, Comisións Informativas e Xunta de Goberno Local, por asistencia a cada sesión: 250€*
- Concelleiros/as por desprazamento e dieta a cada sesión:  
Pleno: 140,00 €  
Xunta de Goberno Local: 100 €  
Comisións informativas: 85€*

*Procederase á actualización da base 35.1.c) das Bases de Execución do Orzamento da corporación para 2023 (actualmente prorrogado do exercicio 2022), reguladora do réxime aplicable ás indemnizacións para os membros da corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial, segundo o contido do presente acordo e procederase á modificación presupuestaria que sexa precisa para dar cumprimento ao mesmo.*

**Quinto.-** *Asignar una cantidade mensual a cada grupo político fixa de 50,00 € e a cantidade de 40,00€ por concelleiro/a, ao amparo do o amparo do artigo 73 da Lei 7/85.*

*Destas cantidades, cada grupo municipal está obrigado a levar una contabilidade específica, non podendo adicarse polos Grupos ó pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación, nin a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.*



*Procederase á actualización da base 35.1.d) das Bases de Execución do Orzamento da corporación para 2023 (actualmente prorrogado do exercicio 2022), reguladora do réxime aplicable ás asignacións aos grupos políticos, segundo o contido do presente acordo e procederase á modificación presupuestaria que sexa precisa para dar cumprimento ao mesmo.*

**Sexto.-** *Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e fixar no taboleiro de anuncios da Corporación."*

**Sr. Rodríguez Davila:** Xa vemos que empeza vostede o mandato facendo a interpretación do Regulamento deste pleno ao seu antoxo, por certo, un Regulamento que aprobaron vostedes co voto en contra deste grupo estando polo tanto non de acordo co mesmo, pero dito isto e acatando o regulamento, pero escoitando a súa intervención quero recordarlle que cando diga o que acaba de dicir respecto de cuestións tan importantes, ao seu entender, como o que nos atén nese punto, teña a ben dirixirse aos grupos que a fixeron Alcaldesa e polo tanto non busque neste grupo o apoio dun goberno do cal, volvo a insistir, non estamos de acordo en todo o ámbito do mesmo e polo tanto loxicamente o noso grupo vai estar en contra deste punto dunha forma contundente.

Vostede unha vez máis alardea sempre de transparencia e resulta que nos trae unha proposta ocultando minuciosamente o custe da seguridade social, concelleiros por concelleiro e o mete, gracias a señora interventora, no seu informe o importe total e nós temos que deducir e ver como é o custe da seguridade social concelleiro por concelleiro ao noso entender. Vostede pretende aprobar aquí no pleno un custe de 136.000€ brutos para catro persoas e vimos de ver a celebración doutros plenos de concellos limítrofes de case o dobre de poboación, xa non lle digo os orzamentos desas Corporacións ou deses Concellos, por exemplo Tui, Salvaterra e si facemos as contas e dividimos entre número de Concelleiros para os cales querían aprobar esas dedicacións é bastante significativo que vostedes son un pouquiño caros con respecto a outros Concellos, e me explico, vostedes lle van a costar, só en cargos políticos, é dicir de catro concelleiros máis a seguridade social 180.000€ ao ano aos salcedenses cando outras Corporacións limítrofes apenas incrementan 9.000€ ou 10.000€ o custe directo dos salarios, sen ter en conta a seguridade social, respecto de vostedes. Vostedes pretenden aumentar en máis de 5600€ o custe da seguridade social para as tres dedicacións e unha media como había no mandato anterior, é dicir, para as mesmas dedicacións de catro persoas vostedes lle van a incrementar aos salcedenses, si os outros grupos lle aproban este salarios, en máis de 5600€ solo en concepto da seguridade social. A nosa proposta, que levamos manifestado nos últimos anos reiterativamente, que era entorno ao 20% como mínimo, non se olviden vostedes que era un 20% sobre un goberno de sete concelleiros como mínimo e iso si facemos as contas do que vostedes pretenden aprobar aquí e o dividimos entre o número de concelleiros que serán catro dese grupo de Movemento Salceda fronte a un que serían sete do Grupo PP, as cousas quedan manifestamente claras e rotundamente contundentes do que estou a dicir.



En terceiro lugar o seu goberno, como dixen antes, custa 136.000€ brutos salarios dos políticos máis 50.000€ da seguridade social máis 25.000€ do cargo de confianza que logo falaremos del, máis 15.000€ de seguridade social para ese cargo de confianza polo tanto o seu goberno lle vai a costar, si o aproban no pleno de hoxe, 226.000€ brutos totais sumados á seguridade social, entre os catro concelleiros cargos políticos e o cargo de confianza, é dicir, a secretaria de alcaldía, iso significa que nos próximo catro anos este goberno en minoría nos vai custar aos salcedenses en números redondos 900.000€. Vostedes van a reducir máis dun 20% o custe do goberno, mentira, vostedes van a reducir con respecto ao mandato anterior un 15% porque vostedes incrementan en 5600€ en seguridade social e iso vostedes non o contemplan porque non interesa, pero lle recordo que o goberno anterior había unha coalición onde sumaban sete concelleiros no goberno e agora están catro, si eses 226.000€ o dividimos entre as cinco persoas que son vostedes, catro políticos e un cargo de confianza, nos saen que cada persoa nos costa 45.200€. A nosa proposta, que foi refrendada maioritariamente polos veciños nas urnas, era reducir como mínimo un 20%, iso significaría que collendo os datos do mandato anterior, 265.000€ que era o custe do goberno bipartito PSOE-Movemento Salceda do mandato anterior, e aplicamos ese 20% nos quedaría un total de 212.000€ como máximo si o dividimos entre oito persoas, é dicir, sete concelleiros, maioría absoluta máis o cargo de confianza, saldría que cada persoa lle costaría aos salcedenses 26.500€, 45.200€ de vostedes fronte a 26.500€ creo que a diferenza é importante e creo que os veciños saben facer números e contas e non se tragan os contos.

A Sra. Alcaldesa pretende subir en canto ao seu salario directo 2.500€ respecto ao mandato anterior, despois de vostede deixar a maior débeda da historia deste Concello, despois de solicitar vostede o maior préstamo da historia e despois de vostede subirlle todos ou case todos, os impostos aos salcedenses coa maior suba de impostos da historia vostede ven aquí e pretende que este pleno subir o seu custe e sobre todo deixar aos veciños sen defensa ante un goberno en minoría que pretende que paguemos 45.500€ por persoa fronte aos 26.500€ que sería o custe de cada persoa dun goberno do Partido Popular. Remato a miña primeira intervención dicíndolle que asuma a realidade e que baixe dese nivel e pónase ao nivel da maioría dos salcedenses e en cuestións como estas ou outras se ataña ao goberno non conte vostede co Grupo popular porque os veciños así o dixeron nas urnas e así nos deron o seu apoio e vostedes que formaron ese goberno, lexítimo, democrático nun pleno, vostedes negocien, acorden o que teñan que acordar e digan o que teñan que dicir mutuamente nos aí non nos vamos a meter e seguimos na nosa posición que sempre manifestamos nos últimos anos .

**Sr. Rodríguez Canosa:** A verdade é que empezaches ben o pleno, Santi, empezaches falando de que sempre tes coherencia, sempre falas con coherencia, empezo polo pleno de fai catro ano 2019 falabas dicías “coherencia na vida e na política, nós no ano 2015 plantexamos aos veciños unha redución do 25% e dicías neste ano 2019 plantexamos unha redución do 20% en aras da situación actual, e engadías o tema



non é como levo dito nos últimos anos unha dedicación exclusiva dun Concelleiro ou o soldo da Alcaldesa aquí o tema é a suma total, non que hai dúas dedicacións ou tres é a suma total, o custe total que os salcedenses van ter que pagar por un período de catro anos, ese é o quid da cuestión”, palabras textuais túas, Santiago, fai catro anos aínda así traemos unha redución do 20% que é o que dicías ti que era o coherencia e fixeches todo un exercicio de matemáticas e de calculadora, supoño que estarías varias horas intentando cuadrar esas contas da Seguridade Social que como sabes iso é lei, nós non pomos a Seguridade Social e evidentemente o teu compañeiro Joaquín poderacho comentar, sempre se fala de salario bruto pero iso é aquí en Salceda e no pleno de Salvaterra ou no pleno de Mos, por certo a Alcaldesa de Mos ten un salario de 49.000€, podes dicirme que Mos é máis grande que Salceda pero podemos comparar con Salvaterra, Salvaterra é un Concello practicamente idéntico a Salceda pois curiosamente a Alcaldesa de Salvaterra cobra 47.500€ e a dedicación exclusiva é de 41.000€, nós propomos 32.000€ e curiosamente o goberno total de Salvaterra son 144.000€ brutos e nós propomos 136.000€, curiosamente Salvaterra gasta máis no goberno 8670€, precisamente porque é un goberno de catro. Sinceramente cando fixemos esta proposta tiñamos confianza, o PP entendemos que non teremos problema, non a aprobarán pero evidentemente absteranse porque estamos facendo a proposta que eles mesmo defendían, que defendían fai catro anos e que defenden na pasada campaña electoral que era reducir o 20% o custo do goberno. Como ben dicías Santi, ese é o quid da cuestión, o custo total do goberno. Curiosamente dis que non baixamos un 20%, dis que baixamos un 15% non sei de onde sacaches as contas, pídoche que repases o informe de intervención que vos gusta tanto cando vos favorece ou cando nos mete caña a nós, pois no informe de intervención o dí ben claro “.. que supón unha diminución do gasto por este concepto do 20,20%”, iso é no punto segundo número dous. Cal sería a proposta do PP con catro concelleiros? A ver si me pode contestar e xa resumo, traemos unha proposta serie e coherente con un goberno de catro, evidentemente si só vamos a estar catro persoas no goberno facendo o traballo de sete o normal é que teñamos unha dedicación, sobra dicir que cumprimos cos parámetros legais establecidos e sobre todo hai que ter en conta a situación deste ano 2023. Si botamos a vista atrás ao ano 2019 o IPC acumulado dende o 2019 foi de 15,8%, dígolle o que sube cada dedicación, a Alcaldía sube un 5,7, as exclusivas suben un 6,81 respecto dun 15 do IPC e a parcial sube un 20% porque evidentemente o nivel de áreas que vai a asumir non é comparable co nivel de áreas de hai catro anos e aínda así o total é de 136.000€, un 20% menos que en 2019, polo tanto penso que si vostedes deciden votar en contra é a súa decisión non lle vou a dicir que no pero coherente, coherente, Santi non pode dicir porque lle vou a lembra as súas palabras de fai catro anos “o que importe é o custe total que os salcedenses van a ter que pagar por un goberno, ese é o quid da cuestión” vostedes dicían que o normal sería reducir un 20 % e nós traemos un 20%.

**Sra. Tourón Domínguez:** Non vou facer comparacións con outros Concellos vou a centrarme en Salceda. O que se pretende aprobar aquí hoxe comparando cos soldos que había na anterior legislatura se propón pasar, no soldo de Alcaldía de 3.040 € a 3.214,28€, nas dedicacións exclusivas pasar de unha a dúas de 2.200€ a 2.350€ a



adicación parcial de 1.500€ a seis horas pasala a 1.800€. Tamén se trae aquí a este pleno pasar as asistencia que se cobra por presidir os plenos aquelas persoas que non teñen salario, adicación, pasar de 216,36 a 250 € no caso do pleno; no mesmo caso de presidir a Xunta de Goberno Local ou a Comisión informativa e ademais tamén se trae a subida das asistencias de 120€ por pleno a 140€ e de 90 a 100€ na Xunta de Goberno Local e de 72 a 85€ nas Comisións informativas. Tamén se trae o aumento das asignacións que recibimos por partido político de 42€/mes a 50€/mes e por concelleiro de 29,45 a 40€. O que propón o PSOE é, e así se lle trasladou á Alcaldía no día de onte despois de convocar o pleno antes da xuntanza, a proposta do PSOE é manter o que tiña, non é para nada deixar sen soldos ao equipo de goberno, sen asistencias á corporación, a proposta da PSOE é manter o que tiña na lexislatura anterior Movemento Salceda, o mesmo que tiña para os catro concelleiros de Movemento Salceda mantelo neste lexislatura é dicir: Alcaldía, unha dedicación exclusiva e unha parcial cos soldos xa establecidos, ademais do cargo de confianza que se debatirá nun punto a posterior, propoñemos manter tal e como estaban os soldos de Movemento Salceda tamén propomos manter sen subida as asistencias a órganos de todos os que non temos dedicación e que asistimos a plenos, manter igual que estaba na lexislatura anterior ao igual de non subir tampouco as retribucións por partido político ou concelleiro é dicir a proposta do PSOE é manter o que estaba na lexislatura anterior para os catro concelleiros de Movemento Salceda e tamén para o resto de asistencias da Corporación.

O contexto que ten a situación actual, o PSOE considera que non procede aumento de soldos en ningún caso nin tampouco das asistencias nosas, xa hai un plan de axuste asinado no mes de abril no que se comprometeu o Concello, e eu estaba como Alcaldesa naquel momento, en diminuír o gasto en áreas moi importantes para a veciñanza de Salceda co cal nós consideramos que o equipo de goberno e tamén os membros da Corporación debemos ser exemplo diso e se hai que reducir en áreas nese plan de axuste dende logo temos que manter e non subir absolutamente ningunha dedicación nin asistencia. Nese plan de axuste aínda que non entramos de xeito obrigatoria si que consideramos, aquel equipo de goberno completo, entrar, consideramos que era imprescindible para poñerlle solución a situación económica do Concello e ese esforzo do Plan de axuste como dicía antes non ten que ser so por parte dos servizos a veciñanza senón que ten que ser de todos e de todas nós, o PSOE contaba con iso non sei si Movemento Salceda contaba con iso despois de firmar un plan de xuste dende logo o PSOE si, haberá que ir vendo si se cumpre co plan de axuste si se mellora, si se aproveita a oportunidade de haber firmado ese plan de axuste para mellorar a situación económica ou se non pero dende logo no contexto actual e neste momento non procede ningún dos aumentos. Esta é a nosa proposta, unha proposta que trasladamos e que trasladamos xa no día de onte e que volvemos repetir hoxe no pleno diante da veciñanza.

**Sr. Guerra García:** Escoitei a señora Castiñeira unhas palabras que me deixaron preocupado é que di que si non se aproba esta proposta de Alcaldía os grupos que non temos dedicacións, os Concelleiros non imos cobrar o que hai destinado para





Grupos e para Concelleiros, quedei un pouco asustado polas palabras porque non sei si pretendían mediatizar a nosa posición, a posición de alguén con esas palabras.

Este Concello chegou a unha situación na que todo o mundo sabe que hai unha hipoteca que hai que afrontar ata o ano 2035, ata aquí se chegou e parece ser que non se asumen responsabilidades, polo menos en canto a ofrecer á veciñanza algo de compostura e respecto de certas cousas entre elas o gasto en salarios. Nós fora de IPCs, de todo o que poidamos por enriba da mesa de aspectos técnicos, isto non é unha mesa de negociación para un convenio, isto é que hai que dar resposta a unha situación onde non lle podemos dicir aos veciños e veciñas que para o ano que ven a contribución vai pasar de novo ao 0,5% e que non se nos diga que volve ao de antes, é unha subida e van subir outras taxas e outros impostos e ao mesmo tempo por parte do goberno local se trae aquí unha proposta, non xa de subir a dedicación, senón incluso de subir as retribucións, para nós iso non ten cabida como non ten cabida que se diga que en Salceda hai moito traballo, si nos pomos a comparar Concellos do mesmo nivel de poboación podemos atopar Concellos onde a Alcaldía non gaña 40.000€ brutos onde os concelleiros e concelleiras con dedicacións exclusivas non chegan a 30.000€, onde dedicación parciais non chegan a 16.000€, entón non nos poñamos a comparar. Miremos como está o Concello de Salceda, e o Concello de Salceda neste momento está nunha tesitura económica delicada, entón nós entendemos que as catro persoas do goberno local son necesarias máis entendemos que a parte de dedicación exclusiva da Alcaldía, a outra dedicación exclusiva correspondería exclusivamente a quen leve a área de facenda, as outras dúas áreas entendemos que poden correctamente estar con unha dedicación parcial, así llo manifestamos na reunión individual de portavocías e así nos mantemos.

Expoñámoslle a xente deste Concello, os que vivimos aquí, de que hai que facer un esforzo porque para o ano que ven nos recibos da contribución tamén se lles vai dicir a xente que ten que facer un esforzo, correspondamos con esa situación porque non están os tempos para primeiro avisos de que se non se aproba isto non imos cobrar as asistencia a pleno, e logo que a xente quere ter respostas a unha situación económica da que se lle está pedindo un esforzo, esforzo fagámolo entre todos, conxelemos todos os números que había e limitemos o gasto do goberno municipal.

**Sra. Alcaldesa:** Verónica dixo que se produciu a xuntanza de portavocías unha vez convocado o pleno, evidentemente e máis cando xa estabas advertida, o martes día 4 convoquei as portavocías, o día seguinte reuníme con Santi, mostrou total vontade de reunión inmediata, con Tano foi o venres e contigo tiven que agardar a onte mércores, evidentemente tiven que desconvocar, cousa que non lle gustou ao compañeiro Santi, con certa razón, que estaba pensado este pleno para o luns e tamén avisado Tano precisamente por agardar a ter esa reunión contigo Verónica, dixéchesme que non tiñas dispoñibilidade de axenda eu fixen o esforzo de agardar a esa reunión de onte e precisamente tiña que ter o pleno convocado para hoxe e non volver a avisar ao compañeiro Tano e Santi que outra vez fallaba a data que lle daba a Alcaldía, quería aclarar iso porque da a sensación de que non te tiven en conta cando





as reunións co BNG foron un total de catro, entre as mesas de negociacións sumadas a portavocía, cinco PSOE e unha co PP, quero que quede clara a nosa vontade de negociación e dialogo e de man tendida sempre.

**Sr. Rodríguez Davila:** Levamos anos dicindo o mesmo e agora esta ben escoitar a outros membros desta Corporación dicir que hai que axustarse os salarios, que hai que baixar os salarios cando o BNG formaba parte de aquel goberno o primeiro que fixo subir os salarios do ano 2007-2011 criticaban aquilo de persoal de confianza do goberno do PP e resulta que chegan ao goberno e poñen o cargo de confianza que nos sempre defendemos, pero unha cousa é ese goberno de catro Concelleiros perdendo as eleccións e estando en minoría e outra cousa moi diferente é gañar a eleccións, non deixar gobernar a quen gana as eleccións e logo pretender que os demais vexamos para outro lado e que apoiemos a un goberno que sinceramente non merece ser goberno polo que acabo de manifestar.

É certo que vostede, señor Alejandro, saca aquí a coalición outros Concellos efectivamente, pero vólvolle a insistir, que como ben se dixo no día de hoxe, o importante é mirar as contas, a situación e a realidade política, económica do noso Concello. Xa nos gustaría a nós ter o orzamento do Concello de Mos, de Porriño ou de Salvaterra, xa nos gustaría a nós ter o número de habitantes e sobre todo o pulmón económico-financeiro a través dos polígonos industriais que teñen e nós non temos e polo tanto querer comparar vostede o noso Concello que somos importantes, con outros Concellos que por sorte para eles son moito máis importantes en todos os ámbitos en todas as comparativas que queiramos facer pois é de risa, e sobre todo, é de unha irresponsabilidade que creo que non está a altura dos veciños que representa, no sentido de que vostede non pode xustificar o inxustificable dun custe dun goberno, non neste mandato senón en todos os anteriores e me reitero e me remito a todas as miñas intervencións en todos e cada un dos plenos, por certo despois de esa miña intervención que foi o que votou o Grupo Popular señor Concelleiros? En contra, ao igual que no ano 2011, 2015, etc... porqué? Por entender que era desorbitado o custe do goberno, como segue sendo o que vostedes pretenden plantear no día de hoxe, e non llo dicimos nós, que tamén que para iso somos o grupo maioritario, senón que llo din os grupos que lle deron a Alcaldía, non se olviden diso. Me di vostede cal sería a proposta do PP para catro Concelleiros eu lle contesto a proposta do PP para catro Concelleiros sería o que fixemos no ano 2015 e sabe o que foi? Despois de perder as eleccións e perder un concelleiros nós non nos presentamos á Alcaldía, aceptamos o resultado electoral, despois de obter catro concelleiros vostedes non están capacitados, no sentido político, para ser o goberno en minoría deste Concello, xa con seis en minoría é complicado con catro en minoría vamos a ver como saen as cousas a diante. Insisto nós en todo o que sexa beneficioso para Salceda estaremos aí pero en todo o que sexa axudar ao goberno directamente non, que lle quede ben claro, polo tanto non pretendan que este Grupo apoie ao Goberno en cuestións que non beneficien aos salcedenses e si ao goberno busquen vostedes os apoios en quen lle deu a Alcaldía en contra da vontade directa dos veciños nas urnas, non no pleno, nas urnas que foi quen ganou a eleccións



contundemente respecto aos demais grupos que se presentaron ás eleccións. Si vostedes respectaran esa decisión directa dos veciños estaríamos en outra situación ben diferente, pero vostedes decidiron democraticamente elixir a Sra. Castiñeira Alcaldesa, vostedes e vostede polo tanto vostedes negocien, traballen e acorden para iso foron moi rápidos e áxiles en sacarlle a alcaldía a quen lle correspondía directamente nas urnas polos veciños e veciñas de Salceda. Polo tanto nós non nos presentaríamos a presidir este Pleno, Sr. Alejandro e nós como non seríamos goberno con catro concelleiros a situación non sería a que é no día de hoxe.

Nós insistimos, vostedes pretenden que cada un de vostedes lle custe aos veciños 45.200€ fronte aos 26.500€ que lle costaría un goberno do PP aos veciños por Concelleiro, iso é a realidade iso é inapelable numericamente e economicamente falando e estaríamos, por suposto, falando doutra situación de aforro de custo do goberno con respecto ao que vostedes pretenden. Vir aquí e pretender subir o soldo da Sra. Alcaldesa que como dixen antes, despois de ser unha das responsables da maior suba de impostos da historia de Salceda, deixar a hipoteca máis grande da historia de Salceda, etc... vir aquí e pretender subir o seu salario, o custe da Seguridade Social do seu goberno en máis de 5600€ para catro concelleiros e despois do que pretenden acordar vostedes do cargo de confianza, creo que é cando menos unha tomadura de pelo por calificalo suavemente. Para rematar tamén me deixou preocupado, Sr. Tano, coa súa intervención pois empezou dicindo que lle deixou preocupado as palabras da Sra. Alcaldesa e a min e creo que a este grupo tamén e aos veciños que están aquí, tamén deixou preocupado o que vostede dixo porque viu anunciando para o ano iba a subir a contribución ese porcentaxe que está no plan de axuste, significa que vostede vai aprobar a suba da urbana do 25% porque nós xa lle digo que estamos en contra, e estaremos sempre en contra vostede manifestou que lle vai subir aos veciños a contribución para o ano que ben quero pensar que foi un lapsus que non vai vostede aprobar esa aprobación de ese IBI, poderíao aclarar porque penso que os veciños marcharían máis tranquilos para a súas casas.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Santi, eu non estou en contra, evidentemente sodes libres de apoiar, votar a favor, absterse ou votar en contra evidentemente e faltaría máis eu referíame solo a áreas como ben dis, si fas esa comparación de 45.000€ versus 25.000€ xa me imaxino que vai ser o titular que vas mandar a prensa e eu preguntóche cómo fas esa conta?

**Sr. Rodríguez Davila:** A conta e moi fácil vostede suma o custe do salario máis da Seguridade Social de todo o Goberno, e dicir dos catro concelleiros que é vostede goberno e máis cargo de confianza que pretenden aprobar o dividen entre cinco persoas e iso mesmo o que nos aforraríamos que serían vostedes 226 e nós 212 dividido entre oito persoas que nos teríamos, sete maioría absoluta máis un cargo de confianza, o número son moi claros.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Utilizas as contas que máis que conveñen, non me podes dicir



que defendes a coherenci, empezar o pleno dicindo que tes coherencia e non tela, fai catro anos as comparacións que facías e vólcome a remitir a acta, comparábasnos con Salvaterra de Miño 9700 habitantes, orzamentos 5.000.000€, lémbroche que o de Salceda e de 5.400.000€, “custo do goberno actual 137.000€, sáelle a cada veciño a 14€”, iso parecíache ben e curiosamente é o mesmo que Salceda, ou sexa fai catro anos parecíache ben 137.000€ e este ano paréceche mal 136.000€ con un IPC dun 15%. Santi di o que queiras pero coherente non es. Evidentemente o PSOE e BNG están na súa liberdade de votar o que crean conveniente e propor o que crean conveniente, si que me gustaría facer unha pregunta a Verónica e é que cando fala do contexto actual a que se refire? Faime gracia porque ao final isto é o punto estrela que está habendo en todos os plenos, podemos velo en Tui, en Gondomar, en Redondela curiosamente tres Concellos do PSOE, en Pontearreas do PP. Dende aquí aproveito para dicir que isto tiña que estar regulado por lei polo Estado para que non estiveramos aquí con estas cousas nin con maioría nin con minoría, deberíamos aprender de Portugal, telo lexislado e que o Estado Español marque os salarios. Sinceramente Vero neste punto non estás sendo coherente, non podo obvialo, no 2011 o Partido Socialista cunha persoa sola concelleira tiña dúas dedicacións, no 2019 con tres persoas concelleiras tiñan tres dedicacións e agora pretenden que Movemento Salceda con catro persoas concelleiras que é o total do goberno so teñan tres dedicacións, é unha argumentación túa pero evidentemente non me parece coherente. O BNG, Tano, neste tema para min suspendes, a responsabilidade claro que se asume pero tamén a veciñanza falou nas urnas, lémbrocho, e que digas que facenda merece unha dedicación exclusiva paréceme dunha falta de respecto brutal, entón que pasa que o medio ambiente non merece un concelleiro que traballe oito horas no Concello a prol do medio ambiente? O benestar social, o coidado dos nosos maiores, dos nosos pequenos tampouco merece unha persoa que ocupe oito horas aquí no Concello? En serio estás falando de áreas de primeira e de áreas de segunda, en serio?.

**Sra. Tourón Domínguez:** Creo que é dos primeiros plenos no que o equipo de goberno pregunta a oposición e a oposición temos que responder ao equipo de goberno en vez de ser ao revés, que a oposición pregunte ao equipo de goberno, pero non teño problema en responder porque creo que ademais fun bastante clara xa na exposición inicial deste punto. O contexto actual é un plan de axuste que houbo que asinar en abril que estabamos de acordo o equipo de goberno que existía naquel momento, Movemento Salceda e PSOE, que supón un sacrificio para os servizos á veciñanza e de moitas outras Concellerías no que houbo que recortar e no que se establecen nese plan, servizos que agora ademais están demandando a veciñanza de forma importante e o PSOE considera que neste contexto actual e con un plan de axuste asinado non procede subir soldos nin subir as dedicacións, nin a órganos colexiados nin as cantidades que percibimos os Concelleiros e os partidos políticos, o que corresponde é facer un esforzo de axuste e non votarlle todo á veciñanza, creo que fun clara, o contexto actual a diferenza de outros momentos é un plan de axuste asinado fai escasamente dous meses e pico, creo que con iso douche resposta. En canto ao que dí o PP corresponde negociar, isto que se trae aquí hoxe non se



negociou en ningún momento, polo menos non se negociou co PSOE, porque hai unha comisións entre os distintos partidos, se fan unhas aclaracións e se fan distintas propostas, se entrega esta proposta a semana pasada, por motivos de axenda si había uns días esta xuntaza e resulta que agora hai que convocar un pleno extraordinario urxente con 24 horas para aprobar os soldos, hai que ser coherentes porque dende o 28 de maio ao 17 de xuño, aquí houbo un equipo de goberno en funcións pero a realidade é que Movemento Salceda marchou de vacacións e nós seguimos traballando, nesas tres semanas se puideron chegar a un montón de acordos, sexamos coherentes porque a primeira chamada que a voceira do PSOE recibiu da Alcaldesa foi o martes pasado dende antes das eleccións, isto non é negociar nada, a que vostedes presente unha proposta que nós presentemos outra e que vostedes traían a pleno todo tal cal se presentou iso non é negociar, isto do que alardea a Alcaldesa de que é unha persoa negociadora, dixo ao principio, de que busca sempre o consenso de que é case é alma mater da mostra de diálogo e da negociación, non é certo, porque aquí trae a mesma proposta que se lle presentou aos partidos políticos sen negociar con ninguén, é exactamente a mesma, sen coller absolutamente ningunha das cousas propostas dos outros partidos, empezando polo noso que se convocou o pleno quince minutos antes de ter a reunión e de entregarlle a nosa proposta, dende o pleno de investidura do 17 de xuño pasou case un mes e agora a presa era convocar o mércores ou o xoves, un pouco de seriedade.

**Sr. Guerra García:** Dicirille ao Sr. Rodríguez Davila, no 2007 o BNG estableceu uns salarios que por primeira vez fixo transparentes as retribucións que tiña o goberno local de Salceda, e aproveitou daquela e tivo o traballo de regularizar centos de vivendas que non pagaban contribución neste Concello, porque ese era o xeito de gobernar do PP, daquela aínda non encabezaba vostede a súa formación política quizás non estea ben informado sería bo que se informase, e ao asunto do IBI en canto chegue o momento falaremos.

A Álex Rodríguez quería dicirille unha cousa, non é diferenciación nin menosprezo por unhas áreas ou por outras, en absoluto, ese é un argumento baleiro para intentar xustificar a proposta de Alcaldía, entendemos que quen leve facenda ten unha serie de atribucións que fan necesaria a súa presenza todo o día aquí o resto pode salvarse de moitas situacións e en todo caso, a ver si aprendemos tamén que cando falamos de vontade, de ganas de traballar, de vir á política porque temos ganas de facer cousas, a ver si tamén agora de complementar lle poñemos un plus a esa dedicación, a iso que dicimos que nos queremos adicar a política e non xustificar todo en base ao salario, nos gustaría que non andara por aí as palabras do goberno local dicindo que non se quere que non se cobre salario, porque non é certo simplemente estamos acotando unha situación e non a estamos acotando gratuitamente, a estamos acotando porque hai unha situación de endebedamento deste Concello e o primeiro en dar exemplo ten que ser esta Corporación e por suposto o Goberno local ao fronte.

**Sr. Rodríguez Davila:** Deixounos vostede igual de intranquilos señor Tano, é moi fácil



si ou no, nós dicimos non a suba do 25% do IBI para o ano que ben, vostede non se aclarou. En canto ao PSOE a verdade é que vostedes foron irresponsables e hoxe o están sendo máis porque non é serio o que fixeron tirando a pedra e escondendo a man e agora intentando xustificar de algunha maneira o que pretenden xustificar cando é inxustificable, porque vostedes sabían perfectamente o que ía a suceder e sobre todo si vostedes pretenden facer política contra un goberno en minoría dicirille que vostedes son os responsables de que haxa un goberno en minoría. En canto ao que dixo o portavoz de Movemento Salceda dicindo que isto tiña que estar regulado en canto a salarios, efectivamente aí podemos estar de acordo pero tiña que estar regulado contundentemente que aqueles que perdades as eleccións, a oposición e os que ganemos a gobernar iso tamén tiña que estar regulado moi claramente na lei, a que niso non estamos de acordo, firmarían ese documento como llo presentou o presidente Feijoo ao presidente Sánchez, a que non o firmarían? Iso non interesa. A realidade é a que manifesta no día de hoxe, un goberno en minoría que pretende impor o que se nos presentou, que non ten a ben facer un mínimo de xesto de humildade en canto a situación económica da foron partícipes, unha parte deste grupo de Movemento Salceda, insisto deixando a un lado os novos concelleiros de Movemento Salceda, e polo tanto vostedes son co-responsables igual que o foi o PSOE da situación que nos meteron a todos os salcedenses de endebedamento de incremento dos impostos, de solicitar ese préstamo maior da historia para os próximos doce anos e polo tanto hai que asumir a realidade e tomar medidas en todos os eidos do gasto e intentar minimizar todo aquilo que sexa a recadación nos petos e nos bolsillos dos salcedenses no cal nós estaremos totalmente en contra. Este Grupo unha vez máis mostra a súa coherencia, aí están as miñas intervencións nos diferentes plenos de constitución e organización da Corporación Municipal, os datos son inapelables e non hai xustificación ningunha para subir o soldo da señora Alcadesa e tampouco o custe da Seguridade Social dos catro Concelleiros do Goberno.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Verónica falas de que temos que dar exemplo, repítocho e me atinxo ao informe de intervención, unha baixa dun 20% do custe do goberno penso que nese sentido non hai nada máis que falar e me reafirmo no historial do PSOE cando estivo no goberno con un Concelleiro dúas dedicacións iso era correcto, con tres concelleiros tres dedicacións iso éra correcto, agora pretenden que unha persoa estea sen dedicación. En relación ás reunións, mellor non vou comentar nada da cantidade de reunións que houbo co PSOE e quen adiou sistematicamente esas reunións, respecto das vacacións, primeiro non fomos de vacacións e segundo que pasa que o PSOE non colleu vacacións en catro anos? Curiosamente, xa se mirou en moitas áreas das que tivemos que coller o mando que si que estivestes traballando pero non sei en que, supoño que por exemplo, en formatear todos os ordenadores do Concello, en eliminar milleiros de correos electrónicos, supoño que sería niso no que estivestes traballando. Tano, nótase que non tes coñecemento do Concello, entendo que eres unha persoa que non eres de Salceda, chegaches aquí fai pouco, pero que por exemplo a área de facenda ten ao seu cargo en intervención e tesourería a cinco persoas, en medio ambiente ten ao seu cargo cero persoas, igual





iso é importante, despois soltamos a pedra e non argumentamos. Dende Movemento Salceda dixémolo dende o principio, díxeno eu dixo a Presidenta, a Alcaldesa, o único que defendemos son uns salarios dignos, uns salarios dignos para todos, tamén para os traballadores e traballadoras, tamén para os que están afiliados a sindicatos e os que non solicitamos salarios dignos. Santi, vas variando, unha vez dis unha cousa outra vez dis outra, fai catro anos che parecía ben reducir un 20% este ano che parece mal que reduzámos un 20%, o da coherencia penso que non é o ten forte. En canto a darme a razón estas de acordo no dos salarios, paréceme ben, e ti pides que a forza máis votada sexa a que governe por lei eu evidentemente fai catro anos xa che puxen un exemplo falábache de Ourense, falábache doutros Concellos, hoxe fáloche igualmente de Ourense, fáloche igualmente de Extremadura onde se ve que o final o PP onde fai falta busca acordos, porque España ten unha democracia representativa, eliximos aos representantes e eses representantes elixen ao goberno, pero eu dígoche que tamén hai outra cousa que é unha segunda volta, as dúas forzas máis votadas como en Francia.

**Sra. Tourón Domínguez:** O que dicía o compañeiro do PP que nós tiramos a pedra e escondemos a man, supoño que se refería ao pleno de investidura, temos a mesma coherencia que acaba de dicir o PP en puntos anteriores, o PSOE baixamos un concelleiro asumimos esa baixada dese concelleiro, non nos presentamos a investidura e quedamos na oposición, máis coherencia que esa ningunha, é dicir, asumir os resultados que nos deu a veciñanza, que máis coherencia quere que esa, parece ademais que ao PSOE por todas as partes lle corresponde ser a parte coherente de todo isto que temos na Corporación e se lle vote ou se lle presume as competencias en dicir que son os responsables de todo, si algo se aproba si algo non se aproba, iso non é certo, aquí hai un partido político que seis concelleiros e concelleiras, hai unha agrupación de electores con catro concelleiros e concelleiras e o PSOE ten dous e o BNG un, ou sexa a responsabilidade de crear gobernos fortes e crear o clima axeitado para un equipo de goberno é das listas máis votadas como que se lle ten que botar a culpa ao PSOE de todo o que acontece en Salceda. Temos dous concelleiros e asumimos a responsabilidade que nos deu a veciñanza nas urnas e a veciñanza nas urnas nos fixo baixar un concelleiro, eu respecto nas votacións as decisións da veciñanza e o que fixo cada persoa co seu voto votando e nós asumimos iso, asumimos esa baixada a dous concelleiros e por iso non nos presentamos a unha investidura como fixo o PP como acaba de anunciar fai uns puntos.

En canto ao tema de que se traballou ou non se traballo no equipo que se está lanzando durante este último mes, non sei si por presionar, hai unha cousa moi clara, creo que a veciñanza sabe do tempo, da dedicación e da xestión que fixo tanto eu como Alcaldesa ou Tenente de Alcaldesa no seu día, coma os concelleiros do PSOE durante estes catro anos, eu creo que aí non hai dúbida de que a nosa dedicación foi total. En canto ao que di o compañeiro de Movemento Salceda que si deixamos de facer, é moi claro un claro exemplo das reunións e un claro exemplo de acercamento é nin sequera facer unha chamada para traspaso de poderes e enterarse como estaba a piscina, por exemplo. Aquí hai un programa de xestión, no programa de xestión





está absolutamente todo, eu non me levei para casa o programa de xestión, o que traballamos nin o que deixamos de traballar, por suposto que cada un nas súas áreas tiña o seu marxe de actuación, se hai calquera dubida é chamar por teléfono ou o mínimo que se debe facer é chamar para facer un traspaso de poderes e saber como están as cousas, creo que ese é un claro exemplo de tantas reunións que houbo e de tanto querer chegar a acordos. Dende logo defenderei sempre, igual que o fixen, o traballo que fixo o Grupo Socialista durante este catro anos, estando na alcaldía e sen estar na alcaldía.

**Sr. Guerra García:** Unhas puntualizacións ao señor Rodríguez Davila porque vexo que insisten moitos no que o seu grupo son seis e si fosen sete máis un, dicirlle que o marco político no que estamos quen axudou a construílo foi o seu Grupo Político tamén, non se esqueza, e as maiorías conformase a partir da metade máis un, parece que sempre lle queda a vostede a ansia de que lle faltou un pelo por chegar e non é así, a maioría constrúese coa maioría máis un en calquera foro político dentro do Estado Español. A Álex Rodríguez espero que as túas palabras de que acabo de chegar a Salceda non sexa unha especie de fobia á xente de fora, en todo caso dicirche que vou camiño de 20 anos aquí, non sei onde estabas ti hai 20 anos, digo por si hai que traer trienios á hora de expoñer os coñecementos que ten un ou non da vida social e política de Salceda.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Referíame Tano, a vida municipal ao día a día do Concello que evidentemente demostraches que tiñas descoñecemento non me refería a túa vida persoal que non me interesa especialmente coma ao resto da veciñanza e evidentemente estou encantado de que Salceda recolla e acolla moita xente da fora e que así sexa.

**Sra. Alcaldesa:** Xa para creo que é necesario, e así o facemos sempre nas diferentes sesións plenarias, uns e outros, unhas e outras, a comparativa con outros Concellos, e vamos a facer a comparativa, si é necesaria, non trouxen ningunha do BNG porque non me deu tempo las de velas, Tomiño, Salceda, Salvaterra e Gondomar, Salceda: Alcaldía 44.999, Salvaterra: 47.548 e Gondomar: 50.000; Salceda dúas exclusivas: 32.900, dúas exclusiva en Salvaterra unha de 39.400 e outra de 41.100, catro en Gondomar por importe de 32.000 €; Salceda unha parcial de 25.200€, Salvaterra unha parcial de 16.620 e Gondomar unha de 16.000, o total do custe do Goberno de Salceda que parece que non quedou claro para ningún grupo político tento en conta incluso un plan de axuste que precisamente ao que vai a afectar ese 20% de aforro, que é o mesmo 20% de aforro que defendeu sempre o Partido Popular en diferentes legislaturas e que levou en precampaña e en campaña, vaise producir ese 20% porque o noso custo total é de 135.999€ o de Salvaterra 144.668 e o Gondomar 194.000, concellos de cores políticas diferentes e concellos ademais de un nivel de poboación parecida. Para Santi Salceda non é importante, Salceda non ten polígono, dixo unha vez aquí que non debería ter Concellaría de Turismo, estando nesta sesión plenaria dixeches que para que necesitamos Concellaría de Turismo que Salceda non tiña praia e na túa exposición quedoume claro que non lle dabas a importancia



suficiente a Salceda porque non tiña polígonos ou actividade industrial creo que valoras moi pouquiño a túa veciñanza. Salceda ten potencial suficiente tanto como Gondomar como Salvaterra, sempre fas iso e iso non está ben, cando fas eses cálculos de contías vostede na súa empresa acaso deixa de pagar a seguridade social? Algunha empresa, empresario que está aquí deixa de pagar á seguridade social? Entendo que ten que ir nos custos dos salarios ou acaso vamos a obviar esa parte? Acabo de darvos tres Concellos cando falo de salarios non falo de seguridade social que se presupón que se ten que pagar. O máximo de Salceda está en 52.272, chegamos aos 44.999 de salario de Alcaldía dígovos unha cousa, si o problema está na subida do 5,7% do salario desta Alcaldía renuncio agora mesmo a el con tal de manter o salario das tres concellerías que van formar o goberno, si ese é o problema como dixo antes Verónica e como dixo Santi, o salario de Alcaldía renuncio a el o que quero que os concelleiros e concelleiras coa formación e a capacidade que teñen teñan salarios dignos nesta Corporación, defendino sempre co PSOE no goberno, defendino sempre con Movemento Salceda e BNG no goberno e defendereino sempre porque é o xusto. Verónica esqueces rapidísimo o pasado, un pasado de dous días, o traballo que se exerce no Concello creo o coñeces moito e eu sempre valorei o traballo de todo o mundo, non sei como ata hai pouco eran necesarias seis persoas e agora de repente con tres é suficiente, eu a iso chámolle incoherencia non sei como lle chamades vos. O contexto é un plan de axuste, a ese plan de axuste o que lle vai a aportar a este goberno é un aforro dun 20%, é máis, o contexto no 2011 tras unha crise económica a máis grave que coñecemos era dunha concelleira do PSOE onde ti esixías ser asesora, ese era o contexto de aquel momento, agora estamos aportando o 20% de aforro o custo de goberno. A Tano podo entenderlle, como dixo o meu compañeiro Alex, que non coñeza as tarefas do goberno porque nunca estivo no goberno pero si que é certo que se lle ofreceu a posibilidade de estalo e que si é certo que lle ofreceu a posibilidade de ocupar a Consellería de Facenda porque dende dentro é dende onde se cambian as cousas, traballando o que ti consideras, sobre todo o dixeches en campaña, o que non está ben ou o que crees que hai que cambiar como incluso mudar dese plan de axuste, faise dende dentro e precisamente por iso se che ofreceu a Consellería de Facenda que rexeitaches, porque eu que son antitaurina creo que os touros non se deben ver dende a barreira senón que hai que estar dentro para saber como tourealos.

Santi de verdade o teu e o que máis me sorprende, mantiven reunións con todos, porque repito, negociéi, dialoguei coa man tendida e pódovos lervos a cronoloxía pero non quero aburriros, cinco reunións mantidas co PSOE, catro co BNG e unha coa portavocía do PP, estas foran todas as reunións onde se tratou de negociar, de chegar a entendementos, formar un goberno forte e sempre, sempre coa man tendida. A cronoloxía esta aí, podo lela e o que se acordou en cada unha desas reunións. O de Santi é sorprendente, cálculo exacto do 20% do aforro en salarios que foi pregoando ano tras ano, campaña tras campaña chegamos a unha sesión plenaria e resulta que este argumento tampouco é sólido para ti, non sei porqué me fixen a idea de que si gardarías esa coherencia que esperaba en ti vexo que non, que o ter coherencia para algo tan sensato como un salarios dignos para un goberno que o que



quere é traballar con firmeza e dedicación absoluta a este Concello se ve que non é digno solicitalo. A pregunta de Alex estaba moi ben formulada, cal é a proposta do Partido Popular con catro concellerías? Si, nós tamén podemos formular preguntas, aínda presidindo sesións podemos formular preguntas, cal é esa proposta. Díciao ao principio, creo que nesta sesión plenaria quedou demostrado que o único que importa é o bloqueo porque ademais a incoherencia amosouse todos temos un pasado, hai actas que recollen o que se di, hai feitos que son incoherente porque antes dixeches unha cousa e agora fas a contraria, esixiches unha cousas e agora fas a contrarian. En fin, queda claro que o que importa é o bloqueo, a acción do goberno é o de menos, o desgaste desta Alcaldesa e do seu equipo supoño que é o obxectivo principal, da a sensación de que para a oposición Salceda da igual, para nós no seguiremos na batalla, pelexando e traballando pola nosa veciñanza que é polo que estamos en política.

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, esta **RESULTA REXEITADA** por catro votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e **NOVE VOTOS ENCONTRA** dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP (6), PSdeG-PSOE(2) e BNG (1).

#### Fixación das retribucións do posto de persoal eventual e modificación da plantilla de persoal.

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 4, En contra: 9, Abstencións: 0, Ausentes: 0

**Sra. Alcaldesa:** A proposta de Alcaldía é a seguinte:

*“Visto o artigo 12 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (EBEP en adiante), segundo o cal “1. Es personal eventual el que, en virtud de nombramiento y con carácter no permanente, sólo realiza funciones expresamente calificadas como de confianza o asesoramiento especial, siendo retribuido con cargo a los créditos presupuestarios consignados para este fin.*

*2. Las Leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto determinarán los órganos de gobierno de las Administraciones Públicas que podrán disponer de este tipo de personal. El número máximo se establecerá por los respectivos órganos de gobierno. Este número y las condiciones retributivas serán públicas.*

*3. El nombramiento y cese serán libres. El cese tendrá lugar, en todo caso, cuando se produzca el de la autoridad a la que se preste la función de confianza o asesoramiento.*

*4. La condición de personal eventual no podrá constituir mérito para el acceso a la*



*Función Pública o para la promoción interna.*

*Al personal eventual le será aplicable, en lo que sea adecuado a la naturaleza de su condición, el régimen general de los funcionarios de carrera.”*

*Visto, por outra banda, o artigo 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), segundo o cal “1. El número, características y retribuciones del personal eventual será determinado por el Pleno de cada Corporación, al comienzo de su mandato. Estas determinaciones solo podrán modificarse con motivo de la aprobación de los Presupuestos anuales.*

*2. El nombramiento y cese de estos funcionarios es libre y corresponde al Alcalde o al Presidente de la entidad local correspondiente. Cesan automáticamente en todo caso cuando se produzca el cese o expire el mandato de la autoridad a la que presten su función de confianza o asesoramiento.*

*3. Los nombramientos de funcionarios de empleo, el régimen de sus retribuciones y su dedicación se publicarán en el Boletín Oficial de la Provincia y, en su caso, en el propio de la Corporación.”.*

*Visto o artigo 104 bis da LRBRL que dispón o seguinte:*

*“1. Las dotaciones de puestos de trabajo cuya cobertura corresponda a personal eventual en los Ayuntamientos deberán ajustarse a los siguientes límites y normas (...):*

*b) Los Ayuntamientos de Municipios con población superior a 5.000 y no superior a 10.000 habitantes podrán incluir en sus plantillas puestos de trabajo de personal eventual por un número que no podrá exceder de uno.(...)”*

*Visto, asemade, o artigo 176 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL en adiante).*

*Visto, por último, o artigo 250 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA en adiante), que reproduce o indicado nos dous últimos preceptos citados.*

*Considerando que, o primeiro paso imprescindible para a creación e dotación das prazas indicadas é contempladas na plantilla do Concello de Salceda de Caselas, como esixen o mencionados artigos 176.2 TRRL e 250.2 LALGA, así coma nos artigos 90.1 par 1º LRBRL.*

*Considerando que actualmente se atopa en vigor o Orzamento Xeral do Concello de*



*Salceda de Caselas prorrogado para 2023, que de acordo co artigo 126.3 TRRL “La modificación de las plantillas durante la vigencia del Presupuesto requerirá el cumplimiento de los trámites establecidos para la modificación de aquel” (texto tamén reiterado no artigo 232.1 par 3º LALGA) e que, segundo o artigo 21.5 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, “En tanto no se apruebe el presupuesto definitivo, el prorrogado podrá ser objeto de cualquiera de las modificaciones previstas por la Ley.”*

Considerando cando antecede **PROPOÑO** ao Pleno do Concello coma órgano competente na materia, previa a súa fiscalización preceptiva pola Intervención do Concello:

**Primeiro:** Manter como persoal eventual do Concello o de posto de traballo de confianza que xa consta na plantilla e no anexo de persoal do Concello do orzamento prorrogado para 2023 denominado “Auxiliar administrativo”, modificando as súas retribucións da seguinte forma:

Retribucións: 25.200,00 euros (total anual bruto) (1800,00 euros brutos en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias).

**Segundo:** Aprobar inicialmente a modificación da plantilla e do anexo de persoal do Concello incluído no Orzamento Xeral do Concello prorrogado para 2023.

**Terceiro:** Expoñer ao público as modificacións aprobadas inicialmente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalas e presentar reclamacións ante o Pleno. As devanditas modificacións consideraranse definitivamente aprobadas se durante o devandito prazo non se tivesen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.”

**Cuarto:** Unha vez aprobadas definitivamente as modificacións propostas, darase conta, no prazo máximo de 30 días, á Administración do Estado e á Administración da Comunidade Autónoma, procedéndose á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

**Sr. Rodríguez Davila:** Vostede, Sra. Alcaldesa, me preguntou no punto anterior que faría eu con catro concelleiros, lle respondo o mesmo que ao seu compañeiro, eu non sería Alcalde porque eu quero ser e sería Alcalde se gaño as eleccións, non si as perdo porque non me presentaría xa a ser alcalde porque ante todo tería un mínimo de respecto para os votantes directamente, non coma vostedes que lle da igual aquí sumar todos igual que se leven mal ou ben, agora te quero agora non te quero, o importante é que non governe aquel que a xente quere que governe nas urnas directamente e así é sinxelo e polo non se sorprenda vostede que este Grupo non apoio ao seu goberno porque nós non confiamos nin queremos ao goberno que está agora, por iso non o vamos a apoiar o goberno.





Máis do mesmo, trae aquí unha proposta de aprobación dun cargo de confianza que isto é escandaloso no sentido cuantitativo do custe económico para o Concello. Nós si estamos de acordo como sempre manifestamos, de ter un cargo de confianza en contra do que dicían outros grupos cando estaban na oposición, pero volvo a insistir, a diferenza é que nós non somos goberno porque vostede non queren que sexamos goberno por iso nós, entre outras cuestións, pero máis aínda con este custe que pretenden aprobar aquí deste cargo de confianza que é de escaldalo, non o vamos a apoiar, como apoiar un cargo de confianza que vostede nomea o 20 de xuño cun custe de 21.000€ brutos e que agora 20 días despois trae a este pleno un aumento de máis de 4000€, só no concepto do custe do salario dese cargo de confianza, e non falemos xa do custe da seguridade social, e o máis preocupante e o máis alarmante é que a seguridade social pasa de 7700€ anuais a 14800€ anuais, isto é non só sorprendente isto non ten calificativo. Como é posible que pasemos dun custe da seguridade social dese posto de confianza de alcaldía de 7700€ anuais a máis de 14000€, a máis do dobre, estamos de broma, isto é serio, vostede realmente creen que unha persoa cun mínimo de responsabilidade pode apoiar e aprobar este incremento non solo lo custe salarial, senón duplicar o custe da seguridade social para o mesmo cargo, significa que ese custe cada mes lle costa aos salcedenses 1233€ á seguridade social. Un cargo para un auxiliar administrativo ou para un cargo na administración está entorno a 700€-800€ pero 1.233€ o custe da seguridade social para este cargo de confianza de alcaldía é o que vostedes pretenden aprobar na tarde noite de hoxe, creo que é un pouco insensato e irreal, ocultan outra vez máis neste proposta da Alcaldía a información respecto do custe da seguridade social iso o sabemos grazas ao informe da señora interventora. Na proposta de alcaldía non ven recollido o custe, ten que vir porque viña sempre en todas as propostas en todos os mandatos anteriores reflexado concelleiro por concelleiro o custe bruto salarial máis o custe de seguridade social, ao igual que o cargo de confianza e agora este ano por primeira vez se oculta esa información e a temos que buscar no informe da señora interventora, iso é así de claro porque aí están os informes e as propostas de alcaldía dos outros mandatos, dos outros alcaldes, de vostede incluso do ano 2019 o traía como alcaldesa ao pleno de organización, vostede mesma o traía fai catro anos e agora o oculta. É unha auténtica barbaridade o que vostedes traen hoxe aquí pasar de 21.000€ brutos de salario a 25.000€ e a seguridade social de 7700€ a 14800€ máis do dobre, polo tanto o noso Grupo vai votar en contra, como non pode ser doutra maneira, ante unha proposta surrealista.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Santi volve a mostrar unha falta de coherencia brutal, ou sexa ao final buscas sempre o dato que che vaia beneficiar. Consultaremos o dato da seguridade social, pero o dato da seguridade social é o que ben marcado pola lei, buscas embarrar, é o que ben marcado para un salario determinado e para unha categoría profesional determinada, ben no informe de intervención, non hai nada que ocultar, si ves todos os Concellos falan de salarios brutos, a seguridade social é o que marca a lei, por certo este punto si que vos convida a mirar o informe de intervención no anterior no que a interventora dicía que baixaba un 20,2% non vos





conviña, cando convén ben que mirades o informe de intervención.

**Sra. Tourón Domínguez:** Nos esta documentación, concretamente este punto nesas tantas reunións que houbo entre o PSOE e Movemento Salceda en ningún momento se nos indicou que o persoal eventual iba a pasar de 21.000 a 25.200€, isto nós o miramos onte a noite na documentación da convocatoria do pleno, si ben a min me chama a atención que no 2019 se aprobaba neste punto un dos apartados era “*manter como persoal eventual o Concello o posto que consta na plantilla do anexo de persoal do Concello do orzamento prorrogado para o 2019*” a denominación do posto era asesor ou asesora da Alcaldía-Presidencia do Concello e onde se aprobaban os 21.000€, a miña dúbida é que aquí neste caso se nomeou para ocupar o posto de confianza denominado auxiliar administrativo e eu quería saber cal é o cambio ou que produce ese cambio de pasar a auxiliar administrativo porque non sei porque se da esta causa.

**Sra. Alcaldesa:** É o que aparece no cadro de persoal, e o que figura actualmente e por iso vai recollido na proposta.

**Sra. Tourón Domínguez:** O dito, eu quero aclarar, nós tivemos acceso á documentación onte a tarde, dito isto nós estamos de acordo con que haxa unha persoa eventual como houbo ata agora pero dende logo non estamos de acordo, igual que nos puntos anteriores, de subir as retribucións desta persoa, o custe de persoal ten que ser o mesmo que había e apunto que no tema do persoal eventual, porque fai un ratiño a Alcaldesa falaba da dedicación do meu cargo de asesora no seu día do PSOE coa Concelleira naquel momento Marina Cabaleiro, dicirlle que a miña dedicación era de 1000€ brutos ao mes o que significaba en 14 pagas 14.000€ non 25.200€.

**Sr. Guerra García:** O BNG trae unha emenda á proposta da Alcaldía a que dou lectura: expoñemos que a proposta de Alcaldía non se axeita á situación económica do Concello, cara a veciñanza debemos dar exemplo de austeridade comezando polas retribucións dos cargos públicos e da necesidade de persoal de libre designación nun momento que se aborda un plan de axuste que trae consigo un incremento de impostos e taxas, polo que emendamos a proposta de Alcaldía no seguinte sentido: O Pleno aproba crear unha praza de persoal eventual a tempo parcial do 75% da xornada ordinaria coa retribución correspondente a esta porcentaxe de xornada coa categoría que corresponda, si é auxiliar administrativo, e por suposto co salario que tiña.

**Sra. Alcaldesa:** Creo que os argumentos para este posto de persoal de confianza do que todos ademais manifestades a conformidade de que ten que existir, lóxico, o BNG tivo no seu momento cando estaba no goberno por non dicir do PSOE e o PP sempre se mostrou a favor deste posto, dende logo si plantexabamos un incremento de salarios en base ao IPC e incluso do aforro do número de membros do goberno non íamos deixar de facelo para o persoal de confianza, cando se aplica o IPC supoño



que isto é o máis xusto, aplícaselle as nóminas de todos os traballadores e traballadoras do Concello e esta persoa non deixa de ser un persoal eventual do Concello, o que debería aplicárselle tamén ese aumento na súa retribución, dende logo para nós sería o máis acaído, o máis xusto e o que vamos a defender. Vexo que non vai a haber acordo, o que si quero puntualizar que da a sensación, sobre todo polo manifestado polo compañeiro Tano, que un persoal eventual, un cargo de confianza que ocupa unha xefatura de gabinete non fai moito máis que levar unha axenda e novamente, che volvo a dicir que creo que descoñeces o traballo interno, suple moitas ocasións a falta de persoal que ten este Concello, que incluso se tramitan subvencións a través de ese persoal e que non simplemente leva unha axenda sen máis, e moitísimo o traballo que fai, as funcións e o necesario que é ese posto. Polo tanto un posto necesario, un posto que fai funcións como as que fai esa persoa con a;dedicación exclusiva, é necesario este persoal eventual e creo que ademais, como defendín antes os salarios dos concelleiros e concelleiras vou a defendelo deste persoal, o que me sorprende e que o resto de compañeiros e compañeiras non o fagan. Unha vez máis o PP coa teima da seguridade social, como se fósemos nós quen calculamos a seguridade social e non viñese taxada por lei e como si non houbera a obrigatoriedade de pagala. Sorprendeme moito pero na defensa das condicións laborais e traballadores e das traballadoras tampouco é que agarde moito de vostedes agardo máis doutros partidos políticos que incluso a veces tamén me decepcionan.

**Sr. Rodríguez Davila:** Vostede non pretenda xustificar o inxustificable en canto á suba do IPC para o incremento de 21.000 a 25.000€ porque si vostede lle aplica o 8% do IPC que foi o que subiu do ano 2022 ao ano 2023, 21.000€ brutos co 8% do IPC non dan os 25.000€ e logo dic vostede que está taxado por lei a seguridade social para un cargo de auxiliar administrativa, vostede sabe o que hai no orzamento municipal no cadro de persoal para o cargo de administrativo auxiliar? Vostede sabe o que ben recollido na execución do orzamento municipal, o custe da seguridade social? Vostede que nos quere tomar por tontos aquí, como pode dicir que está taxado por lei un custe de seguridade social para un cargo de auxiliar administrativo de 14500€ ao ano, pode chegar a 14.000€ ou máis pero non está taxado por lei no sentido expreso de esa cantidade exacta, porque ata fai un mes e pico dous meses o custe da seguridade social era de 7.700€ para o mesmo cargo e agora vostede queren aplicarlle un custe da seguridade social para o mesmo cargo de 14.500€, polo tanto non é certo o que acaba de dicir e me parece grave que diga vostede iso de que está recollido por Lei porque da a sensación de que hai que poñer iso si ou si ou que nós queremos incumprir a lei, non é así, vostede pode poñer iso si o aproba é está permitido por lei pero non está establecido por lei que teña que ser esa cantidade exacta que é o que me estou a referir eu, polo tanto á sensatez e volvan vostedes á realidade que é un goberno en minoría con catro concelleiros e que vostedes non representan a maioría dos Salcedenses nesta Corporación no sentido expreso da palabra. Insisto, negocie vostede cos grupos que a fixeron Alcaldesa, non pretenda que este Grupo dea o apoio ao goberno do cal non votamos a favor do mesmo polo tanto non faga tanta presión ao PP, eu non acudín a esa reunión con vostede sabe



porqué? Porque teño respecto polo cargo que ostenta, non de apoio ao Grupo do que vostede forma parte senón polo cargo que ostenta. Eu intento ser unha persoa educada, ás veces me equivoco como calquera e a veces meto a pata tamén pero intento ser educado e respectar a institución que representa vostede, por iso eu acudo a reunión, outra cousa é que discrepemos, que apoiemos ou deixemos de apoiar son cousas moi diferentes, non diga vostede que lle sorprende, vostede sabe perfectamente que este Grupo non lle ía votar a favor destas propostas porque iso é o sensato, raonable e unha persoa que chegou ao goberno como chegou e perdeu a eleccións como perdeu. No sentido do custe dun traballador do Concello si vostede colle a táboa do orzamento onde está recollida a planta do persoal respecto do mesmo cargo e compare vostede o custe dese traballador deste Concello para o mesmo cargo que vostedes pretendan para ese cargo de confianza, comprobén o custe e logo mirárase si temos razón ou no, saben perfectamente que é así.

**Sra. Tourón Domínguez:** Isto non é un bloqueo á persoa de confianza, nin un bloqueo ao goberno, fixemos unha proposta no punto 5 e facemos unha proposta nesta, nós coñecemos que se propoñía subir o salario cando chegou a documentación onte, nós en ningún caso estamos en contra do persoal de confianza, nós estamos en que se conserven as condicións que había por esa persoa de confianza e se faga exactamente igual, máis alá da dúbida que buscarei información e a pedirei ao Concello polo cambio de concepto. En canto á suba do IPC, a defensa dos traballadores creo que o PSOE deu claro exemplo da defensa dos traballadores nesta pasada lexislatura e creo que non cabe dúbida e non teño que xustificar nada a ese respecto.

**Sr. Guerra García:** Nós pedimos que se vote a nosa emenda, en todo caso hai que aclarar unha cousa, creo que no cálculo da seguridade social que hai un erro, está taxado, en todo caso en canto ao informe de intervención haberá que dicirle que o revise por si creemos que pode ter un erro. Si este cargo de confianza fai funcións que non son propias hai que resolvelo doutro xeito, a nós non nos vale como escusa e igual que dicimos que hai que axustar en todos os sentidos o dicimos tamén que hai que se axustar neste, queremos que se vote a emenda para que o cargo quede co 75% de xornada.

**VOTACIÓN: Sometida a votación a emenda presentada formulada polo BNG de creación dunha praza de persoal eventual a tempo parcial do 75% da xornada ordinaria coa retribución correspondente a esta porcentaxe de xornada coa categoría que corresponda, esta RESULTA REXEITADA por un voto a favor do Concelleiro do Grupo Municipal BNG, oito abstencións dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6) e PSdeG-PSOE (2) e catro votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda.**

**VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta a proposta de alcaldía, esta RESULTA REXEITADA por catro votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal**



**Movemento Salceda (4) e NOVE VOTOS ENCONTRA dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP (6), PSdeG-PSOE(2) e BNG (1).**

### **Expediente 1616/2023. Nomeamento de Salcedenses distinguidos 2023**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

**Sr. Rodríguez Canosa:** Vamos a tratar o punto para aprobar o nomeamento de salcedenses distinguidos e distinguidas. Este ano reducimos a dúas persoas, a idea inicial era facelo con tres pero xusto fai uns días unha das persoas nos comunicou que estaba nun pequeno baixón de saúde e preferían que non fora e preferimos mantelo nas outras dúas persoas. Si que é certo que incluso outros anos se valorou en baixar este número que tradicionalmente son tres, o Regulamento Municipal de Honras e Distincións deixa claro que non teñen que ser tres senón que ten que ser un máximo de tres, polo tanto a proposta que traemos a este pleno é a de homenaxear como salcedenses distinguidos no acto que se celebrará o 16 de xullo de 2023 ás seguintes persoas:

En primeiro lugar a Antonio Troncoso González, nado o 21 de marzo do 1941 por ser pioneiro no transporte de viaxeiros de Salceda, máis coñecido como Antonio da Portela. Como ben dixen foi unha das persoas referentes no sector do transporte de viaxeiros e ademais foi pioneiro á hora de conectar, nun época que non había as facilidades que hai agora para ter vehículos privados, en conectar as parroquias entre si e co centro, sobre todo os días da cuarta feira cando tiña a súa parada ao lado da nave de Muebles San Jorge. Case todo o mundo o coñece e si non o coñecen a el coñecen a súa mítica DKV que practicamente todos os colectivos de Salceda, A Banda de Música, o Caselas Fútbol Club, Orquesta Sur viaxaron con el, viaxaron no seu autobús e ademais ñe unha persoa que tivo unha clara implicación en todos os colectivos, tivo a honra de forma parte do Rancho de Reis, do Rancho de Entroido tanto como dama como danzante, unha persoa que participou e gozaba do entroido, un persoa que tamén participou no tecido asociativo como por exemplo na directiva na Asociación de personas xubiladas de Salceda. Por todos estes motivos creemos que é unha persoa que o merece que por iso traemos esta proposta.

A segunda persoa que homenaxeamos trátase de Amelia Troncoso Pérez nada o 24 de marzo de 1930, por ser un exemplo de muller empoderada, independente e emprendedora, Amelia para min era unha descoñecida ata que puideren reunirme con ela e si que teño claro que é ese referente de muller empoderada, de muller independente e de muller emprendedora. Creo que todos somos conscientes de que nos anos 50, anos 60, rara vez as mulleres emprendían e cando o facían as mulleres eran as que traballaban e os homes eran os que tiñan o negocio, de feito creo que todos os negocios que rexentaba unha muller, por desgracia, se coñecían polo nome do seu marido. Amelia en cambio, neste caso, foi unha excepción, unha honra que



fose unha excepción e toda unha adiantada ao seu tempo. Ela montou o seu negocio sen necesidade de que outra persoa lle puxera nome, montou o seu negocio cos cartos dun finiquito do anterior traballo, ela sacou o carné aos 50 anos sendo unha das primeiras mulleres en sacar o carné, foi referente neste aspecto e sobre todo na igualdade real aínda que por desgracia en parámetros aínda eran outras épocas porque curiosamente tivo que deixar o seu negocio para atender tarefas domésticas, tradicionalmente de mulleres, de coidar ao seu pai e a súa nai, por todo isto creemos que a figura de Amelia merece este recoñecemento e por iso a traemos nesta proposta.

**Sr. Rodríguez Davila:** Un mal goberno, nas formas, non xustifica un non apoio a uns bos veciños. Unha vez máis saben vostedes, Sra. Alcadesa e Sr. Concelleiro responsable, que incumpren o Regulamento que regula estas distincións, un regulamento que aprobaron vostedes e sobre todo non tiveron a ben dar traslado da proposta que traen aquí, nin na conversa na reunión de fai unha semana e un día nin tampouco o fixeron por vía whatsapp como se fixo as 10 das noite do pasado domingo para dicirme que o pleno quedaba adiado para hoxe, por parte da Sra. Alcadesa. Creo que nestas cuestións estamos todos de acordo, independentemente o dixen aquí durante moito tempo, cando traían algunha proposta, porque tamén é verdade que moitas veces os Salcedenses distinguidos incluso non había un decreto de Alcaldía no pasado, simplemente os nomeaba o Goberno de turno, non viña nin a pleno, nin había decretos e polo tanto oficialmente e lamentablemente non hai constancia de que moitos Salcedenses foran distinguidos porque non está recollido en ningún documento oficial deste Concello, iso é triste e lamentable e hai que dicilo para que quede constancia. Seguramente habería que facer un exercicio de responsabilidade e recoller e ver que Salcedenses dende que se inicio estes nomeamentos non están recollidos en ningún documento oficial deste Concello para así facer un documento onde queden recollidos, porque ao final iso é un mero paripé do goberno no sentido de facerlle publicamente un recoñecemento que oficialmente non ten ningunha validez, porque non hai ningún acordo plenario, nin decreto de alcaldía que así o recolla, hai moitos Salcedenses distinguidos que non están en ningún documento oficial de este Concello e iso é moi triste.

Nós, aínda que non se nos tivo en conta nin se nos deu traslado por respecto a eses veciños, que o pasaron bastante peor que o que nos tocou vivir neste época e que tiveron bastante menos posibilidades e bastante máis atrancos en todos os sentidos no desenrolo da súa vida persoal e familiar, non merece máis que todo o noso apoio e o noso recoñecemento independentemente de quen veña a proposta, quen sexa o goberno e independentemente de quen sexan as persoas porque ao final son persoas, veciños e todo eles pensen o que pensen, vivan onde vivan, fixeran o que fixeran nas súas vidas cada un nós o intenta para facer o mellor posible tanto no familiar, no persoal, no laboral e no social e polo tanto o noso respecto, o noso apoio e ali estaremos o domingo, como sempre fixemos, por respecto a todos e a cada un deles nese acto na Praza do Concello.





**Sra. Tourón Domínguez:** No caso do PSOE, si ben é verdade que non se nos trasladou entendo que por falta de tempo, si que estamos de acordo en canto ao que dicía o PP, durante toda a lexislatura anterior si que se trouxo a Pleno nese Regulamento de Salcedenses distinguidos que creo que salvo o primeiro, que non había o Regulamento aprobado e a partir de aí se trouxo sempre a pleno, totalmente de acordo.

**Sr. Guerra García:** Entendemos que este é un deses temas que debía vir a aquí non para votar senón para ratificarnos todos, co cal necesitaríamos previamente telo falado incluso a posibilidade de que os demais poidamos achegar nomes, que seguro que os hai. Particularmente nin recibín este escrito esa proposta de Alcaldía, nós con todo o respecto ás persoas propostas imos a abstermos porque entendemos que isto non é xeito de facer as cousas.

**Sra. Alcaldesa:** Estando de acordo con moitas das cuestións plantexadas polos diferentes portavoces, creo que tamén hai que analizar o contexto no que nos atopabamos, existe un Regulamento que dende a súa aprobación se cumpriu, non creo que debades esquecer que estabamos nun contexto electoral, con incertidume do goberno resultante das urnas e polo tanto tampouco houbo demasiado tempo para planificar e facer común esta proposta. Dende logo o que vos digo como Alcaldesa encantada de que se poida por en común, de que todo o mundo aporte nomes para nós incluso sería moito máis enriquecedor e mellor, homenaxear a persoas é resultado da decisión dunha Corporación, da decisión total da veciñanza, polo tanto eu recollo en gran parte o que decides trataremos de facelo con tempo pero repito non esquezamos o contexto no que estabamos, de tempo, de prazos de conformación de goberno, de pleno que estivemos adiando sistematicamente por diferentes reunións, reunións de negociacións primeiro para a investidura, despois de acordo, o tempo foi moi limitado. Agardamos que no vindeiro ano poidamos facer as cousas dun xeito diferente, esa é a nosa intención e contar dende logo, como ben dicía Tano, coa vosa aportación porque creo que isto ademais debe ser consensuado por toda a Corporación.

**Sr. Rodríguez Davila:** Sin ánimo de entrar en debate, quero dicirle que estando en vigor o Regulamento vostedes tamén o incumpriron, e aí están as acta do pleno e si me acordo hei de traerllo ao próximo pleno para darllo e para que vexan que estando en vigor o Regulamento que vostedes aprobaron incumprírono no nomeamento de Salcedenses distinguidos neste pleno.

**Sra. Alcaldesa:** Agardo para o vindeiro ano facelo co consenso de toda a Corporación e con tempo suficiente, o que teño claro e que dende que se creo o Regulamento sempre quedou constancia dos homenaxeados e homenaxeadas, como di Santi, tal vez no inicio desta distinción algún non fora recollido por algún órgano colexiado, recordo algún en Xunta de Goberno, tamén podemos facer ese exercicio de recapitular quen se quedaron fora e volvelos a traer a esta sesión plenaria, simplemente para que quede ese recoñecemento recollido de algún xeito, a min





cando as propostas son positivas e son para construír non me parece mal recollelas veñan de quen veñan. Dou lectura a proposta de Alcaldía seguinte:

*“Visto o disposto no artigo 20 do Regulamento municipal de honores e distincións, que literalmente di:*

*“Por razóns de urxencia e oportunidade, con carácter excepcional e sempre que os méritos da persoa homenaxeada fosen notorios, a Alcaldía, por iniciativa propia ou a pedimento de calquera grupo, poderá someter directamente ao Pleno a proposta razoada do outorgamento do título, condecoración ou distinción correspondente. O acordo de concesión deberá ser acadado coas maiorías sinaladas no artigo 16.”*

*De conformidade co exposto, formulo a seguinte,*

#### PROPOSTA

1. *Homenaxear como Salcedenses Distinguidas/os no acto cívico a celebrar o domingo 16 de xullo de 2023 ás seguintes persoas:*

- *Antonio Troncoso González, con DNI 35529240J, nado o 21 de marzo de 1941 por ser pioneiro no transporte de viaxeiros en Salceda.*
- *Amelia Troncoso Pérez, con DNI 35523093F, nada o 24 de marzo de 1930 por ser un exemplo de muller empoderada, independente e emprendedora.*

2. *Dar traslado deste acordo ás persoas nomeadas.”*

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta a, esta **RESULTA APROBADA** por doce votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4), Grupo Municipal do PP (6), PSdeG-PSOE(2) e unha abstención do Concelleiro do e BNG (1).

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### Dación de conta da constitución de grupos políticos municipais.

*“Comunícase ao Pleno do Concello que, de conformidade co artigo 24 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e RéximeXurídico das Entidades Locais e artigo 75 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, que regulan a constitución dos grupos políticos, constan presentados na Secretaría do Concello dentro do prazo de cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación, os escritos do Partido Popular, Movemento*



Salceda, PSdeG-PSOE e BNG, suscritos pola totalidade dos concelleiros/as electos/as de cada formación política, manifestando o seu desexo de constituirse en grupos políticos municipais.

Visto, que de conformidade co artigo 74.4 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os partidos políticos que non obtivesen un mínimo de dous escanos integráranse no grupo mixto.

Faise constar os/as voceiros/as e suplentes dos distintos grupos políticos, que son os seguintes:

**1.- Grupo municipal Partido Popular:**

**Voceiro:** Santiago Rodríguez Davila

**Suplentes:** Joaquín Núñez Troncoso e a Ana Cristina Pérez Cabaleiro.

**2.- Grupo municipal Movemento Salceda**

**Voceiro:** Alejandro Rodríguez Canosa

**Suplente:** Selene González Luis

**3.- Grupo municipal PSdeG-PSOE:**

**Voceira:** Verónica Tourón Domínguez

**Suplente:** Ángela Ledo Souto

**4.- Grupo mixto-BNG:**

**Voceiro:** Salustiano Guerra García”

**Sr. Guerra García:** Si ben o Regulamento fala de que os grupos se deben constituir cun mínimo de dous Concelleiros, iso di a Lei, esta Lei de Administración Local de Galicia fala de que mentres non se saque un regulamento seguirán existindo como prioritarias determinadas cuestións contidas na Lei estatal. A Lei Galega é de 1989, nunca se sacou ese regulamento co cal a Lei Estatal non limita a un mínimo de dous para constituír grupo propio, queremos poñer iso en cuestión non sei si a señora secretaria se nos pode informar disto.

**Sra. Secretaria:** Baixo o meu criterio o disposto na LALGA está vixente, aínda que non haxa desenrolo regulamentario iso non afecta ao que establece a Lei, que neste extremo é clara e esixe un mínimo de dous membros para ter Grupo político.

**Sra. Alcaldesa:** De aí que o BNG estea no Grupo mixto.

Queda dada conta da constitución de grupos políticos municipais.



**Dación de conta das resolucións de Alcaldía en materia de nomeamentos e delegacións.**

Queda dada conta das resolucións de Alcaldía en materia de nomeamentos e delegacións seguintes: Decreto 2023-0834 de nomeamento membros XGL e delegación de competencias; Decreto 2023-835 de Tenencias de Alcaldía e Decreto 2023-0836 de Delegación interorgánica de áreas e concellerías

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

